

## ACTA Nº 15/2011

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2011.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2010.
- 4º.- Aprobación inicial de un regulamento para a creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal “axentes de promoción do emprego” do Concello de Moaña.
- 5º.- Comparecencia ante o Pleno da concelleira-delegada de Urbanismo e Medioambiente.
- 6º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para a adopción de un acordo municipal de solidariedade, apoio, colaboración e impulso a favor da “guarda e custodia compartida”.
- 7º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE respecto da paralización da construción do desdoblamento do Corredor do Morrazo.
- 8º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre a necesidade urxente de mellora nas infraestruturas viarias do Morrazo.
- 9º.- Moción da Federación de AAVV A Chamusca sobre remisión de escrito á Consellería de Infraestruturas sobre estradas de titularidade autonómica no Morrazo.
- 10º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular de reprobación contra o Concelleiro e Voceiro do BNG, D. Xosé Manuel Millán Otero.
- 11º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela  
Dna. Coral Ríos Santomé  
Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 29 de decembro do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe. Ten excusada a súa inasistencia o Concelleiro do PSG-PSOE, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

O Sr. Alcalde felicita ao Pleno Municipal e aos veciños as festas. Desexo a todos, sorte, saúde e que teñan un feliz ano novo. A afrontar o ano o mellor que poidamos. Felices festas e novo ano.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, desculpa a ausencia do Concelleiro do seu partido, Sr. Pastoriza. Se chega a tempo pode se incorporará ao longo do Pleno.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 14/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2011.

Non se suscitan intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a a acta nº 14/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de outubro de 2011, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

### **2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

### **3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2010.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

#### **“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO ANO 2010 DO CONCELLO DE MOAÑA**

Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta Xeral, correspondente ao ano 2010 do Concello de Moaña, conforme ao previsto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004 de 5 de marzo e non téndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Moaña correspondente ao exercizo

económico 2010 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do propio Concello e do Organismo Autónomo Patronato Municipal Beiramar e a documentación complementaria legalmente establecida dando traslado da mesma ás entidades competentes para a súa fiscalización.

SEGUNDO.- Dar conta de conformidade ca Base de Execución nº 85 do Orzamento e co artigo 218 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, do informes sobre resolucións da Presidencia contrarios aos reparos efectuados pola Intervención Municipal, informes que se adxunta ao expediente da Conta Xeral.”

O Sr. Alcalde engade que a Conta Xeral foi ditaminada en Comisión Informativa. Coñéceña.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, pregunta se se pode ler un resumo da liquidación do Orzamento do ano 2010, posto que non foi dado a coñecer, non se fixo público, como é habitual. O resumo de todos os datos da execución do Orzamento e onde se van as magnitudes de ingresos e gastos e o déficit e superavit do ano pasado.

O Sr. Alcalde di que no punto oitavo do informe da Intervención pode comprobarse.

O Sr. Millán di que o que solicita é o extracto de liquidación.

O Sr. Alcalde que podemos ler o informe da Intervención. Non teño problema en lelo.

O Sr. Millán di que xa o leu en Comisión e votou vintecinco minutos de lectura.

O Sr. Alcalde di que non ten inconveniente en lelo, nel figura os datos da Conta Xeral. En calquera caso se lle trasladará pola Interventora.

O Sr. Millán di que unicamente quere escoitar da voz do Alcalde ou do Concelleiro de Facenda que no exercizo orzamentario do 2010 houbo un resultado positivo de cento corenta e catro mil euros, de máis ingresos que gastos, que despois quedaron en cerca de case tres mil euros positivos unha vez que se restaron os gastos anteriores e se sumaran os ingresos do 2011 que xa se recibiran no 2010. Finalmente quedou un resultado positivo de cerca de tres mil euros. Dato importante cando falamos dos orzamentos do Estado e das Comunidades Autónomas cun déficit aproximado para o 2011 de un 6% do PIB e iso sería aceptable para a marcha da economía do Estado. Este concello foi dos poucos que no 2010 obtivo un resultado económico favorable. Importante que se saiba cando o Goberno Municipal, alá polo mes de xullo fixo público que o anterior Goberno Municipal estivera maquillando os datos, plantexando a liquidación do ano 2010 non recoñecendo facturas que despois se pasaron a recoñecer no 2011. Unha operación que fan todos os concellos, que veu facendo este Concello todos os anos e que non queda máis remedio que facer ante a existencia de facturas que non poden aprobarse no ano. Non desfigura a conta final co resultado. Estas cousas debían aclararse, non houbo momento para facelo. No 2010, cuns ingresos moi limitados, dificultades económicas, redución importante do ingresos do Estado, e caída dos recursos propios derivados da construción e da xestión urbanística, aínda así e con importantes investimentos dos que gozan os moañeses, o Concello de Moaña tivo un resultado económico favorable.

O Sr. Alcalde di que a Conta Xeral foi ditaminada, levouse a dúas Comisións, non se nos pediu esa documentación. Toda a documentación está aí. Todos coñecen as contas do Concello. Vou ler o último parágrafo do Informe da Intervención para que quede

constancia da situación do Concello. Nada que ocultar, hai que dar a máxima transparencia. Di:

*“No Concello de Moaña o alta destes bens na contabilidade realízase en función das obrigas recoñecidas para cada investimento, sen que se axunte un documento no que se informe sobre se procede a eventual incorporación ao activo de gastos correntes soportados polo Concello de Moaña e relacionados con ese inmovilizado.*

*2.- Os criterios de valoración do inmovilizado indican que en todos os casos se deducirán as amortizacións practicadas, que se establecerán en función da vida útil do ben, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e disfrute, e sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidera afectarlles. Neste Concello e ata o ano 2006 non se efectuaron dotacións para a amortización dos bens que forman parte do seu inventario, polo que o valor neto contable dos mesmos non reflicte a realidade desta agrupación.*

*3.- Os datos que nos ofrece o balance de situación en relación cos bens do inmovilizado non reflicten a realidade actual ao carecer dun inventario de bens debidamente actualizado. Sobre este punto debemos recordar que o concello de Moaña dispón un Libro Inventario aprobado polo Concello-Pleno o día 30 de abril de 1993, sen que consten expedientes de rectificación anuais, nin modificacións do inventario co gallo de cada renovación da corporación.*

*4.- A conta 579 “Formalización” reflicte un saldo de 12.213,32 euros. Este saldo era o que ata o exercicio 2009 se recollía na conta 566, saldo provinte do ano 1992 e para o que non se dispón de información extracontable que permita identificar a súa natureza*

*5.- O saldo do concepto non orzamentario de valores recibidos como fianzas definitivas non se corresponde coa realidade, carecendo esta Intervención de información contable ou extracontable que xustifique a procedencia deste saldo. A existencia deste saldo desvirtúa a imaxe fiel do patrimonio da entidade.*

*Á vista do contido da Conta Xeral, e salvo as observacións efectuadas no presente informe, non existen outras observacións que efectuar ó expediente. Non obstante a Corporación acordará o que estime procedente.”*

Engade o Sr. Alcalde que isto é o que di o informe da Intervención. É o que podo trasladar, ca máxima transparencia. Se queren máis documentación teñen o Departamento da Intervención a disposición de calquera membro da Corporación.

O Sr. Millán di que está de acordo co informe da Interventora. Sen embargo eses parágrafos que leu non teñen que ver co resultado orzamentario ou co resultado de Tesourería. Unicamente di que o Concello non ten inventario de bens, o que hai é dde 1992 e ten máis do que refrexan as contas, porque dende ese ano se construíron edificacións, se adquiriron terreos, se aceptaron cesións. Todo iso ten un valor numérico que está sen contabilizar e non podemos saber cal é o valor do noso inmovilizado. En calquera caso ese valor, restándolle o gasto de adquisición dese inmovilizado, ou ben cartos que temos en créditos, ou o que debe pagarse por contratos de renting ou leasing, o resultado sempre será a beneficio do Concello. A Interventora di que non recolle exactamente a situación de tódolos bens do Concello, pero cando se faga será a favor dos nosos bens. En segundo lugar, o que di sobre o saldo non orzamentario, os nos orzamentarios, gastos e ingresos que non se corresponden cas previsións orzamentarias porque hai que dispoñer deles obrigatoriamente sen poder atender ás previsións orzamentarias, e que deben incorporarse ao Orzamento. O que di a Interventora é que

como se fixo de maneira cuidadosa dende o 2006, que tivemos Interventor estable, nos anos anteriores non se fixo ca atención necesaria o tratamento dos gastos e ingresos non orzamentarios, co coidado que requiría e hai imputados a non orzamentarios gastos e ingresos dos que non hai xustificación clara. Este ano liquidamos corenta e dous mil euros de atrasos con Augas de Galicia polo canon de augas do 2004, ingresos que figuraban en non orzamentarios e que nalgún momento recibiu o Concello da ORAL, e por ser de exercizos pechados e non previstos no Orzamento se meteron a non orzamentarios e agora se dispuxo deles para pagar unha reclamación que presentou Augas de Galicia. Unha das cousas que o Concello terá que abordar, creo que este non é o momento, é limpar os ingresos e gastos non orzamentarios, que na maioría dos casos non se sabe de onde viñeron nin a onde foron. Unha vez volcados sobre o Orzamento do Concello modificaría o remanente de Tesourería. É o que nos di a Intervención.

Non hai más intervencións e o Sr. Alcalde somete a a votación a proposta da Alcaldía sobre a aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2010 do Concello de Moaña, quedando aprobada por nove votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e un da Concelleira do PSG-PSOE e sete abstencións, dos Concelleiros do BNG, cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Moaña correspondente ao exercizo económico 2010 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do propio Concello e do Organismo Autónomo Patronato Municipal Beiramar e a documentación complementaria legalmente establecida dando traslado da mesma ás entidades competentes para a súa fiscalización.

**SEGUNDO.-** Dar conta de conformidade ca Base de Execución nº 85 do Orzamento e co artigo 218 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, do informes sobre resolucións da Presidencia contrarios aos reparos efectuados pola Intervención Municipal, informes que se adxunta ao expediente da Conta Xeral.

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DE UN REGULAMENTO PARA A CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL “AXENTES DE PROMOCIÓN DO EMPREGO” DO CONCELLO DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde di que se incluiu este asunto na orde do día. O Secretario di que se pode ratificar a súa inclusión na Orde do día, pero que debe aprobarse en Pleno, independentemente de que non estea ditaminado. Pódese levar posteriormente a unha Comisión Informativa para informar do asunto, do Concello ou do Patronato.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que como o Alcalde decida ou neste caso o Secretario, sometan a votación. Entendemos que neste caso se comete unha pequena irregularidade, que debe constar en acta, e como xe fixen saber ao Secretario. Os Estatutos do Patronato determinan que o Patronato ten plena competencia regulamentaria. O Patronato ten os seus órganos, Presidencia e Xunta de Goberno e a competencia para a aprobación deste regulamento e creación deste ficheiro corresponde aos órganos do Patronato Beiramar. No caso de que o Concello se arroga esa competencia anulando unha competencia propia do Patronato estaría a cometer unha irregularidade formal. Dende o BNG non estamos en contra da súa tramitación e aprobación pero quen ten que aprobar isto, antes ou despois, preferiblemente antes, sería

a Xunta de Goberno do Patronato, a non ser que o Secretario dende que falamos entenda que hai outras razóns.

O Sr. Secretario responde que falou ca Axente de Emprego, posto que este Regulamento é para uso e desempeño da Axente de emprego, e que lle comentou que aínda que traballa no Patronato, está contratada polo Concello, a subvención que recibe ven dirixida ao Concello e toda a documentación e papeis que move, van a nome do Concello. Entende que debe ser o Concello o que aprrobe este trámite administrativo para a xestión de ficheiros que manexa ela.

O Sr. Freire, Presidente do Patronato sinala que unicamente quere confirmar o afirmado polo Secretario.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, pide ao Presidente do Patronato que, con independencia de que debata este asunto en Pleno, na próxima sesión da Xunta de Goberno do Patronato se volva a plantexar para debatilo con máis detenemento e dispoñer de máis información. Unicamente se trata de aplicar unha normativa de protección de datos a nivel estatal a ficheiros de carácter persoal, polo que se sería conveniente que se tratase na seguinte sesión do Patronato.

O Sr. Freire, afirma que a Axente de emprego pertence ao Concello.

A Sra. Freire responde que desempeña a súa función no Patronato.

O Sr. Alcalde di que o que se pode facer, de todas formas e ratificala inclusión deste asunto na Orde do día do Pleno.

Sometida a ratificación a votación, queda aprobada por nove votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e un da Concelleira do PSG-PSOE, e sete abstencións, dos Concelleiros do BNG.

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” E “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO” DO CONCELLO DE MOAÑA**

Á vista do informe da Axente de Emprego de data 14 de novembro de 2011 sobre a necesidade de aprobación de un regulamento de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal para o desenvolvemento do seu traballo de asesoramento a emprendedores en materias diversas e, de conformidade co establecido Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal remítese a Pleno a aprobación do citado regulamento.

O texto do Regulamento, que se propón a a aprobación plenaria, sería o seguinte:

**“REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” E “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO” DO CONCELLO DE MOAÑA.**

A Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1.–Obxecto e ámbito.

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Moaña, e que se relacionan no anexo I do presente regulamento.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, ao órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal “axentes de promoción económica” e “participantes en accións de promoción do emprego” do Concello de Moaña que figuran como anexo I, co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Estes ficheiros de datos rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.–Finalidade e uso dos ficheiros.

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Moaña é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4.–Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Moaña corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de alcalde.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.–Cesión de datos.

Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.–Medidas de seguridade.

1. O Concello de Moaña implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Moaña velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.–Dereito de información na recollida de datos.

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.



Artigo 8.-Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.”

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 19 de decembro de 2011.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal “axentes de promoción económica” e “participantes en accións de promoción do emprego” do Concello de Moaña.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

TERCEIRO.- Unha vez aprobado o Regulamento, se procederá á remisión dos ficheiros á Axencia de protección de datos de carácter persoal para proceder a dalos de alta.”

A Sra. Freire di que como se trata de axilizar o traballo do persoal do Concello e de axustar os ficheiros a unha lexislación superior vai apoiar a iniciativa.

Non se suscitan máis intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de quedando aprobado por unanimidade dos asistentes, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento de creación, modificación e supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal “axentes de promoción económica” e “participantes en accións de promoción do emprego” do Concello de Moaña.

SEGUNDO.- Sometelo a información pública por un prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que polos interesados se poidan presenta-las reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo.

TERCEIRO.- Unha vez aprobado o Regulamento, se procederá á remisión dos ficheiros á Axencia de protección de datos de carácter persoal para proceder a dalos de alta.”

## **5º.- COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DE URBANISMO E MEDIOAMBIENTE.**

O Sr. Alcalde sinala que noutros Plenos se solicitaron outras comparecencias. No último Pleno no que se reclamaron comparecencias deuse un tempo de intervención de tres minutos por Grupo Político. Queda en mans dos Concelleiros decidir si queren falar en máis de tres minutos, ou non limitar o tempo de intervención.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que en todo caso a primeira intervención debe corresponder ao Grupo que solicita a comparecencia.

O Sr. Alcalde responde que unicamente falou de tempo ao que se debe ceñir cada intervención.

O Sr. Millán di que antes de que fale a Concelleira deberá intervir o Grupo que solicita a comparecencia para aclarar para qué comparece. En segundo lugar, a última vez que houbo comparecencias concedéronse tres minutos por intervención porque se solicitaron oito comparecencias. Deuse tres minutos a cada Concelleiro para intervir, porque de darse liberdade de intervención, podería chegarse ás dúas horas. Neste caso tres minutos sería escaso.

O Sr. Alcalde responde que unicamente se fixo lembranza do tempo que se concedeu anteriormente. Solo preguntei aos Grupos para poñerse de acordo respecto do tempo de intervención. Podemos falar ata mañá. É a diferenza do que pasou anteriormente, concederáse o tempo que se precise.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, afirma que non ten ningún problema en marcar ningún marxe de tempo, podemos estar a falar ata mañá. Se temos que comer aquí as uvas as comeremos.

O Sr. Millán sinala que se solicitou a comparecencia da Concelleira logo de unha serie de reunións, de comisións informativas, reunións da Comisión de Seguimento do Plan Xeral onde se fixeron unha serie de propósitos, de anuncios, publicados na prensa, e comprobamos que ningún deses compromisos, do que se falou, cumpriuse. Unha cousa é o que se comunicaba aos Grupos Políticos e outra cousa o que o Goberno Local tiña a ben facer no seu entender. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña, na súa versión definitiva, foi remitido para a aprobación pola Secretaría Xeral de Urbanismo en decembro de 2010 a Santiago. De maneira extraña e incomprendible, nos últimos días do ano, foi devolto porque dicían que faltaba un informe que tiña que ser emitido pola Dirección Xeral de Infraestructuras dezaseis meses antes sen terse emitido. Aceptámolo como unha broma electoral que había que levar con deportividade. Iso obrigou ao Goberno Municipal a iniciar xestións ca Dirección Xeral de Infraestructuras para aclarar o que querían. Obrigou a preparar un novo anexo do Plan Xeral que retrasou os traballos ata febreiro. Finalmente púidose remitir o Plan Xeral a Santiago para o informe definitivo da Secretaría Xeral de Urbanismo. Incomprendiblemente, o informe retrasouse os tres meses que permite a Lei, cando xa fora analizando previamente. Finalmente chegou a Orde de resolución, o 13 de xullo de 2011. Hai aproximadamente seis meses e medio. A resolución implica a aprobación parcial do Plan Xeral, nunha orde confusa que non determina ámbitos nin sectores aos que son de aplicación as súas recomendacións. Da ao Concello dúas instrucións: Primeiro, elaborar un documento cas modificacións ás que obriga a resolución e, en segundo lugar, preparar un texto refundido para a remisión a Santiago para a súa aprobación definitiva. As posibilidades

que se varallaron, logo de un informe desconcertante do Equipo redactor do Plan sobre as posibilidades de comprensión da aplicación que ofrecía a Orde, foi ou ben a adaptación do documento para a súa publicación parcial ou ben centrar os esforzos na elaboración dun refundido cas modificacións esixidas para a súa aprobación definitiva por parte da Secretaría Xeral de Urbanismo e proceder a súa publicación en condicións. Un documento completo e manexable. En agosto convocouse unha Comisión de Seguimento cos técnicos municipais, co representante do Equipo redactor, a Concelleira de Urbanismo, o Alcalde e os representantes dos Grupos Municipais. Naquela reunión chegouse ao acordo de que antes de tomar ningún tipo de decisión, íase solicitar informe ao Equipo redactor, aos técnicos municipais, aos nosos asesores xurídicos, sobre as implicacións que podería ter a publicación parcial do documento e que posteriormente volveríamos reunirnos antes de tomar unha decisión. Tiñamos pouca confianza nas palabras do PP. Aos poucos días o BNG presentou escrito solicitando dos Servizos Xurídicos, da Secretaría Municipal e dos Servizos Técnicos informe que dese resposta a sete puntos que nos preocupaban sobre a publicación parcial do documento. Non se contestou nin pola Secretaría Municipal nin polos Servizos Técnicos ese escrito, e tampouco foi convocada a Comisión de Seguimento para informar respecto de cales eran os informes emitidos e respecto da decisión final que tiña acordada o Goberno Local. En lugar diso, por medios estrambóticos, chegouse á publicación parcial do documento, a espaldas dos Grupos Políticos e do Equipo Redactor e sen ter diante ningún de nós un documento físico do Plan Xeral. Segue sin habelo, un documento físico onde cada veciño poida tocalo, miralo. Estase a dicir aos veciños que o Plan Xeral é o que está publicado no BOP ca Orde da resolución da Consellería. Iso non é o Plan Xeral. É unha parte do Plan Xeral modificada polas instrucións da Consellería. Ningún veciño, ou técnico ou avogado que contrate, poderá dicir cal é a interpretación da documentación. Solo saberá dar unha interpretación da documentación un técnico municipal. De feito, nos Servizos de Urbanismo poden solicitar que lle ensinen os planos de cada parcela. O Secretario debería ser o primeiro que tivese coidado na legalidade. Non é a maneira de ter o Plan. Cas Normas Subsidiarias do ano 96, cada Grupo Político tivo a súa copia, e o Concello, copias completas, cos seus planos e dilixenciadas. Papeis certos, asinados polo Secretario do Concello de Moaña. Pidan o plano asinado polo Secretario ou a Ordenanza asinada, verán que non existe nada. Existen unas follas publicadas no BOP e uns planos que se descoñece a súa procedencia, que non se sabe se son os que aprobou o Pleno, no ordenador do Aparelladores Municipais. Non existe nin o documento de tramitación que se remitiu a Santiago. A tramitación do Plan Xeral presenta dúbidas e irregularidades. Convido a calquera veciño do camiño de A Seca, que vive na parte de atrás da estrada de Meira de arriba ou en certas zonas de Calvar, onde a Secretaría Xeral de Urbanismo dixo que había que facer bolsas de solo urbano non consolidado, en cinco casos, que veñan aquí e lle digan en que situación está a súa casa, se en solo urbano non consolidado, en ordenanza dous ou tres, e que lle dean o plano, e de onde saiu e quen asinou o plano. Non llo poderán dar. Como iso un montón de circunstancias que afectan a solo urbano. Tomaron vostedes esa decisión, é a súa responsabilidade. Parécenos unha decisión desacertada. Comprometéronse a continuar os traballos. Que unha vez feita a publicación parcial ían continuar coa emenda das cuestión plantexadas pola Secretaría Xeral de Urbanismo ata levar a remate os traballos. A Comisión de Seguimento foi no

mes de agosto. Daquela plantexamos ao Redactor do Plan Xeral canto tempo podería levarlle os traballos de reelaboración do documento de acordo co informe da Secretaría Xeral de Urbanismo. Dixo que sobre catro a seis meses. A algúns pareceunos razoable, a outros, polo visto, non. Pasaron ben os catro meses. Estamos entrando nos seis meses e non fomos capaces de saber qué é o que pasa ca continuación destes traballos. Temos un Plan Xeral publicado parcialmente e eivado, sen estudo económico financeiro, que non ten as correccións obrigadas pola aceptación do informe da Dirección Xeral de Costas, que deixa entre paréntese un montón de ámbitos, que é irregular e atacable. E o que poden facer unha vez cometido o desliz de publicar parcialmente o Plan Xeral é tentar de rematar o antes posible a redacción do Plan Xeral evitando situacións de inseguridade xurídica e que alguén trate de aproveitarse das feblezas que presenta. O que temos é silencio, un silencio sospeitoso. Non sabemos nada da Comisión de Seguimento, cando preguntamos na Comisión de Urbanismo sobre os traballos do Plan contestousenos que vai indo, sospeitoso porque nos tememos que o Equipo redactor non está a traballar no Plan e nin entreviú nas modificacións que deron lugar a publicación parcial do Plan. Nos tememos que non se está a mover un papel para o remate dos traballos do Plan Xeral. Esta é a primeira parte da miña intervención, Sra. Concelleira, permitiúsenos gustosamente que puidesemos ter distintas intervencións e poder falar ata mañá se é necesario. Remato lembrando que a preparación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aínda que algún se esqueza, é traballo de varias Corporacións Municipais que comezou a coller pulo no ano 2004, e durante seis ou sete anos, traballando todas as semanas e meses, poñéndoo a disposición da súa aprobación, a algún pareceralle moito, pouco, ou que tiramos co tempo ou cos cartos, ou que todos ou parte, a pesares de que tiramos do carro, fomos uns completos inútiles. A opinión é libre e todas as opinións son respectables. Na provincia de Pontevedra solo está aprobado o Plan Xeral de Vigo. Aprobouse pouco tempo antes que o de Moaña o de Tui. Ningún máis e ningún está en vía de ser aprobado. Se a nosa nota é tres a dos demais gobernos municipais será cero. Do traballo de Javier Abal, de Euloxio Santos Leites e Valentín Piñeiro, das Corporacións desas Corporacións Municipais, o Plan Xeral está a poquiños meses de poñerse en funcionamento, de acadar a aprobación definitiva. O único da provincia en disposición de acadar a aprobación definitiva. Quixera que se comprometera cuns prazos fiables para a redacción do documento refundido do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña, cando pensa convocar de novo a Comisión de Seguimento para traballar e para explicarnos o que fixo o Equipo Redactor, os Técnicos Municipais e as decisións que deben tomar os Concelleiros de acordo cos informes. Quixera que nos explicase cal é a posición do Equipo Redactor do Plan Xeral respecto do Plan Para continuar cos seus traballos cónstame que solicitou unha modificación do seu contrato que recolla o traballo xa feito. Cónstame que tal modificación non se tramitou. Quero saber qué vai facer o Goberno Local, se da os traballos por finalizados, se os van facer os Técnicos Municipais, se considera que debe facer o Equipo Redactor por entender que aínda non rematou co obxecto do contrato porque remata ca publicación definitiva do PXOM, e quero saber se o Goberno Municipal vai recuperar o pulso do traballo. Finalmente que nos explique a posición do Goberno Municipal acerca dos ámbitos propostos como solo urbanizable no Plan e que a Secretaria Xeral de Urbanismo di que debe incluírse como solo rústico con distintos tipos de protección. Que nos explique a

posición do Goberno Local a respecto das decisións urbanísticas a adoptar para rematar o Plan. É o remate da miña primeira intervención.

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, afirma que o Plan se aprobou o 13 de xullo. ¿Unha aprobación parcial?. Non é a única en Galicia. Temos o caso de Vigo. Non fomos os primeiros. No seu momento decidiuse a entrada en vigor porque a Xunta deu un prazo dende a aprobación para a súa publicación e que en caso contrario se correría o risco de que o PXOM quedase invalidado. Polo mesmo de que dixo vostede de que foron moitos os Gobernos que traballaron no PXOM, non íamos a ser nós os que provocasemos quedar sen esta ferramenta tan importante que precisou de dez anos de elaboración, tan necesario para os Técnicos para regular . Se houberamos decidido proceder á aprobación total tamén se nos criticaría de correr o risco de que quedase invalidado, se fas porque fas e se nón fas porque non fas. Lembro que antes da Comisión de Seguimento houbo unha Mesa de Sanidade, e se falou de que sería moi importante para desbloquear os terreos de Sisalde. O comentaba o Sr. Valentín, de que canto antes entrase en vigor a aprobación parcial mellor para poder desbloquear os terreos. Na Comisión de Seguimento xa non era esa a mesma opinión, que había que facer a aprobación definitiva e total, que non valía a aprobación parcial. Máis trabas para desbloquear os terreos de Sisalde. Insisten en que é un PXOM modificado. O PXOM é o que se aprobou no seu día no Pleno. Non hai modificacións, no BOP está publicado o PXOM ca Orde do 13 de xullo. Respecto do dos veciños, invito a que veñan mañá a todos a ver o PXOM, a ver os planos. En breve se van publicar na páxina web do Concello e poderán levar unha copia para casa. Dubido moito, porque xa me costa a min entendelos, que os entendan, para explicalos están os Técnicos Municipais. Para explicalos e atender os veciños estamos e para iso cobramos, para explicar como están a súas casas e o que poden facer. Respecto do texto refundido estamos a traballar. Cando entrou en vigor o PXOM, o Sr. Freijeiro, Redactor, o Arquitecto técnico municipal e eu nos reunimos na Consellería e comezamos a traballar na adaptación ao POL. Aí nos enteramos de que entraba en vigor o PXOM. Non comezamos a traballar no texto refundido. ¿Comisións de Seguimento?. Solo se fixo unha. Non había nada que informar. Había un Plan Xeral que tiña que entrar en vigor. Non se fixeron modificacións nese tempo. Solo se trataba de plasmar a Orde preceptiva nun Plano, traducir a letra da Orde a un plano, nada máis. Tampouco era o seu forte as Comisións de Seguimento. Votaron cen días cando gobernando sen convocar, vostedes non foron os máis exemplares. ¿Prazos?. Non podo dar prazos, non depende de min. Depende dos Técnicos e do Equipo Redactor. O Equipo Redactor debería acabar os seus traballos. O contrato que asinou era cobrar por todo o traballo. O Plan aínda non está totalmente aprobado. Tería que rematar o texto refundido para poder cobrar. Se acepta ou non xa se verá e se procede aprobar algunha modificación ou non. ¿Qué fixemos as modificacións a espaldas, ou que non houbo tales modificacións?. Mentira. Pouco máis. Todo isto é repetitivo. Se teñen algo máis que dicir ou facer, temos unha aprobación parcial do Plan que se publica para a súa entrada en vigor. Unha ferramenta importante que tanta falta nos fai e que levou dez anos, dez anos como para votar o traballo pola borda, o traballo de tantos Gobernos e Corporacións. Alá vostedes.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, di a Sra. Concelleira de Urbanismo que ningún dubida que o PXOM é unha ferramenta necesaria por iso levou dez anos. Sen embargo nunha Comisión de Seguimento na que eu estaba presente, vostede informou

de que en caso da publicación parcial do Plan todos os Concellerios da oposición seríamos convocados para ternos informados. A sorpresa nosa e cando vostede, co Alcalde e Concelleiras do Goberno fan unha foto diante do Concello dicindo á prensa que se vai facer a publicación. Faise na prensa pero non se nos informa aos Concelleiros aquí sentados. Ademais vostede, como Concelleira de Urbanismo, debería ter un pouco de sensibilidade con todas as persoas desta Corporación que traballaron nese documento e con esa publicación que fixo non a tivo en conta a todas as persoas que traballaron aquí no Plan Xeral. Tamén gustaríame que me aclarase unha cuestión que xa ten plantexado aquí o compañeiro Víctor, ¿se nos pode explicar cómo queda a viabilidade económica do Plan Xeral para a aprobación parcial?

A Sra. Varela responde que respecto da Comisión de Seguimento, se dixó que se faría de haber algunha aprobación parcial pero non houbo ningunha variación sustancial. As Comisións de Seguimento foron as Comisión de Urbanismo, nas que se falou tamén do PXOM, aparte de outros moitos temas. Preguntástedes do PXOM e informouse do PXOM.

A Sra. Freire pregunta se a Sra. Varela sabe cómo queda a viabilidade económica do PXOM trala aprobación parcial.

A Sra. Varela responde que neste momento non lle pode dar unha resposta.

O Sr. Millán di que unha parte dos presentes poderán que leva a traballar no Plan e se preocuparon por el seis meses. Outros podemos dicir que levamos dez anos. Non vale para todos, que nos preocupamos polo Plan dende hai dez anos. Algúns so poderán dicir que lles preocupa dende hai seis meses. A hora de tomar decisións todos somos iguais, aínda que vostedes teñen máis responsabilidades. O seu Voceiro cando estaba na oposición hai catro anos, reclamaba que pasaran cen días e aínda non se reunira a Comisión de Seguimento, vostedes levan cento oitenta. Ese argumento cada vez pesa menos. Solo o reclamamos aquí, non fomos a prensa. Solo lle pido que sexan responsables de trazar un camiño a seguir, cas cousas claras e arriscando. Vostede é o que ten que marcar o ritmo, non cabe escudarse nos Técnicos. Esperaba que nos dixera que en tres meses ía haber un documento para discutir, ou que en dous meses íase reunir a Comisión de Seguimento para tomar decisións. O que nos di é que non sabe ou non contesta. É o que nos ven dicindo nas Comisións Informativas denden hai meses, que non sabe, non contesta ou que se o sabe non o vai dicir. Non pode afirmar que o que está publicado é o mesmo que se aprobou en decembro e que se ratificou en febreiro. Puxen tres exemplos en que alguén ten que interpretar. O único que pode interpretar e responsabilizarse é o Pleno Municipal, que aproba planos. Non un Técnico nin un Concelleiro de Urbanismo, nin a Secretaría Xeral de Urbanismo nin os seus asesores. No Camiño da Seca a Orde di que a este e oste do Camiño e ao sur ata a estrada debe facerse solo urbano non consolidado. Non di onde empeza e onde acaba. Se vostede ten un plano onde alguén marcou onde empezan e rematan an casas de fora de ordenación, e as que están dentro de ordenación, ese plano non o aprobou o Pleno da Corporación. Se non o ten o que publicaron no BOP non ten validez. Invito a que os veciños desa zona ou da estrada de Meira de arriba, aos veciños con casas ao oeste da PO-551 na suba do Caeiro e aos veciños de Calvar, que solicitan ese plano que diga se as súas casas están dentro ou fora de ordenación. Ese é un dos casos que se deben interpretar, cuestión que corresponde facer o Pleno. Calquera limitación á edificación en ordenanza 2 nesas zonas, e que seguían en ordenanza 2 no Plan Xeral que aprobou o Pleno en 2011 e que

agora se cambiase é nula e os veciños afectados poderían reclamar. Se non se aplican restriccións aí non se está a aplicar a Orde da Secretaría Xeral. Ese é un caso. Moito máis importante é o que sinalou a Concelleira do PSOE. Está publicado parcialmente e se non se aprobase definitivamente é o documento que rexe o urbanismo de Moaña, porque os veciños deben saber que se fixo unha delimitación de solo urbano e dentro de esta hai unha serie de núcleos que son solo urbano non consolidado e o resto está en solo rústico. A clasificación pendente das decisións que se tomasen na aprobación definitiva. Incluso na beira litoral, na cuestión dos cincocentos metros, ou núcleos de solo urbanizable afectados pola franxa dos cincocentos metros están baixo corentena mentres non se aprobe o Plan definitivamente. Incluso o Plan Parcial da Xunqueira A-2, que está nestes momentos fora de ordenación. Regularizar estas situacións nos compete a todos. Non basta con dicir a xente que pidan un plano, teñen que explicar as cousas. Nós non pedimos nada, nin a publicación parcial nin a aprobación definitiva, limitámonos a plantexar as nosas dúbidas, pedíndolle ao Equipo Redactor, ao Secretario do Concello e aos Técnicos Municipais que as respondes e se responsabilizasen persoalmente, aclarándonos esas dúbidas. Quedamos pendentes desas aclaracións para poder facer unha proposta, a poder ser de consenso como se tomaron as decisións entre os Grupos Políticos sobre o Plan Xeral nesta Corporación. Fíxose ao estilo daqueles que levan moitos anos preocupándose polo Plan Xeral de Moaña e que aínda non votaron nunca a favor do PXOM. Hai varios. Eles foron os que marcaron estilo, facer o que lles peta. O día 14 de xullo dixeron que ían suspender todas as licenzas de Moaña. Está na prensa. Que todas as licenzas estaban suspendidas polo que había que facer a publicación parcial inmediata porque non se poderían conceder licenzas, no período no que máis licenzas se solicitaron e concederon durante o 2011. Hai varias maneiras de facer as cousas, distintos procedementos e tempos. Vigo fixo antes unha aprobación parcial en nun ano fixo unha aprobación definitiva. Lugo refundiu todo e mandouno de novo a informe e publicouno íntegro. O que non se coñece é un caso de suspensión de planeamento porque non fixo a aprobación parcial. As decisións que hai que tomar respecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña cóntanse cos dedos de dúas mans. Son decisións relativamente fáciles na súa maior parte. O traballo técnico preciso é un traballo de tres ou catro meses. Tiñan tanta presa que o etñen publicado a medias, que ninguén pode coñecer, e di que fomos nós os que temos a presa, por culpa de Sisalde. Nos preocupa Sisalde e no caso da aprobación parcial na medida que puidese afectar. Pero sobre Sisalde non se moveu papel salvo papeis de periódico. Pero papeis de documentos, informes, acordos... non vin ningún Na Comisión Informativa non se informou de ningún. Eso si, dise no periódico que hai uns propietarios que están de acordo. Para iso os acordos deben tramitarse e asinarse. Sisalde está igual que o 13 de xullo. Non digan que a iso favoreceulle a publicación da aprobación parcial. Porque non empezaron a tramitar nada. Non hai ningún acordo sobre Sisalde. Está bloqueado como estaba en xullo. Non me contesta a nada. Volveu dicirme o mesmo. Nin me di canto se vai reunir a Comisión de Seguimento, nin cando os Técnicos Redactores poderán ter un documento para ensinar, nin a garantía xurídica do documento sobre o que están traballando os informes das licenzas, nin me din o que pensan facer. Que pensa o PP sobre o polígono da Cruz da Maceira, sobre Albariños, sobre a tramitación do solo urbanizable destinado ao xeriátrico, dos solos urbanizables residencias do Rosal, cómo vai resolver o problema que crea o informe da Xunta sobre a edificabilidade

dentro dos cincocentos metros e fora deles. Son as preguntas de futuro que quedan sen resposta. Tampouco explicou cómo pensa sustentar unha publicación parcial, un documento en vigor que se basea nun estudio económico deficiente que non cumpre, polos recortes da Secretaría Xeral de Urbanismo as necesidades de vivenda protexida, cómo se fai sustentable economicamente o Plan cando unha parte importantísima dos seus ingresos viñan derivados dos solos urbanizables que agora non están en vigor. O documento non ten sustento económico e polo tanto, sen defensa xurídica posible.

A Sra. Varela afirma que respecto de Sisalde, vostede di que non vale para nada poñer de acordo aos propietarios dos terreos pero a vostedes lles costou moito porque nin eso acadaron. Nós si os fixemos e por suposto, en papel. Dixo que en tres meses se elaboraría o texto refundido, fixo unha aproximación, por iso tardaron dez anos en facer o PXOM, como para fiarse. Sobre a suspensión, se suspenderon licenzas, o 13 de xullo cando saíu a Orde, para ser precavidos se suspenderon licenzas. ¿Quedou alguén sen conceder licenzas, algún proxecto presentado cando procedía concedela?. Non, se suspendeu por precaución ata saber qué podíamos facer ca aprobación parcial. Sobre os prazos, vostede é o señor dos prazos. O máis indicado para dar prazos. En setembro do 2008, o Sr. Millán di que novembro de 2008 será a data de finalización do novo PXOM, 15 de marzo de 2009, o PP insiste na aprobación do PXOM e o Sr. Millán di que estaba previsto a entrega do PXOM estaba previsto para abril pero queda para maio, maio xa pasou Sr. Millán, agora para cando, e o mellor é que di que será para maio para dar tempo ao novo Goberno da Xunta, qué benévolo Sr. Millán. A Orde que se publicou está plasmada nese mapa e non a coloreou os Técnicos Municipais, senón tamén os Técnicos da Xunta, Técnicos Municipais e da Xunta. A Orde está plasmada nese mapa. Levo seis meses aquí, preocupeime dende hai seis meses. Vostedes levan dez anos preocupándose, é lóxico, pero para min o importante non é preocuparse senón non atrancar. Dígame en qué cambiou o PXOM, cales son as modificacións que non hai. O resto llo responderei por escrito. Non hai máis cego quen non quere ver e máis sordo que o que non quere escoitar.

O Sr. Millán di que lle resulta moi difícil discutir con alguén que di que este Concello tivo uns diñas as licenzas suspendidas. A suspensión de licenzas é un acto reglado. Nin vostede nin o Alcalde poden suspender licenzas. O único que pode é o Pleno da Corporación, que non tomou ningún acordo de suspensión de licenzas. Podería haber incluso un acto irregular de usurpación de competencias. Non me pasa pola cabeza porque o Secretario da Corporación non o permitiría. Pero tampouco hai acordo de suspensión da Alcaldía ou da Xunta de Goberno. Unha última instancia que podería, con dereito, suspender licenzas por un acto grave do Concello ou por desprotección importante de dereitos polo Concello sería a Secretaría Xeral de Urbanismo. Me consta que non o fixo nin figura na súa resolución. A suspensión estaría dentro da súa cabeza ou da de algún asesor que falou do que non sabía. Unico sitio onde se suspenderon licenzas. Non vexa o traballo normal dos Técnicos Municipais durante ese mes e nos seguintes como un favor ou un acto magnánimo. Dime vostede de non atrancar, ¿aos que impulsamos o Plan Xeral?. É o colmo. Terá que dicirlllo á Secretaria Xeral de Urbanismo, ás direccións xerais de Patrimonio ou Estradas. Todos aqueles que puxeron obstáculos absurdos ao Plan. Foron os que puxeron atrancos. Tamén quen se preocupou moi moito de que o Plan se retrasase durante o 2010 e parte do 2011 polos intereses que eu coñezo. Deste Grupo non vai encontrar atrancos pero pediremos tódolos meses de



que se movan algo e que nos expliquen en qué se moven. Se siguen como están dende xullo, sen mover un papel, non podemos poñer atranco ningún. Conten, para rematar o Plan Xeral con todo o apoio e colaboración do Grupo Municipal do BNG, pero sempre que se fale con transparencia e que se permita a colaboración. Que se mostre interese en traballar e se admita que é un traballo compartido, e sen medo a que vostedes sexan oito. Preocúpense en facelas cousas ben e entre todos. Se o que máis lle preocupa é que son solo oito estaremos aquí para lembrallo. Concelleira, tome a parte positiva, e asuma os consellos e as críticas.

A Sra. Varela responde que simplemente queda dicir amén, que así sexa.

O Sr. Millán di que ao BNG preocúpalle o funcionamento da Concellería de Urbanismo en especial por cuestión relativas á disciplina urbanística. É o segundo motivo polo que solicitamos a comparecencia da Concelleira. Por razóns fundadas. Unha polémica que chegou ao Parlamento Galego. O PP deu a entender que no Concello de Moaña non se estaba a aplicar en condicións a disciplina urbanística, que en realidade se estaba a abusar dos veciños e, dando a entender que dentro da súa política de futuro pensaban revisar a disciplina urbanística de Moaña. Foi unha polémica moi graciosa que ocupou páxinas na prensa en nacional en Galiza e a nivel local, e demostrou que os moañeses nos poñemos a discutir as cousas o facemos con pasión e incluso con capacidade para chegar ao absurdo. Debates que non se producen en ningún concello, onde a disciplina urbanística é a que é, a que din as leis, convértense aquí en motivo de debate político. Que non se debe aplicar tanta disciplina urbanística, solo o indispensable, o mínimo. Esa era a conclusión daquel triste debate. Cando accederon ao Goberno Municipal ollamos síntomas preocupantes, de que se ía a aplicar a disciplina indispensable. Pola prensa nos enteiramos que en algún momento nun lugar custodiado o por funcionarios e pola Policía Local, alguén levouse algún elemento básico do ordenador do Inspector de Obras do Concello. Unha desaparición misteriosa e que aínda hoxe non nos explicaron, de vez en cando aparece algún comentario na prensa. Creo que estiveron ca Policía Local e resulta que o acontecemento, como o Guadiana, meteuse na terra, sae un pouquiño e desaparece. Desapareceu un elemento importantísimo do ordenador do Inspector de obras e non sabemos quen. É probable que o levaran os do Bloque. Non o sei. Que se aclare ese misterio. No ordenador do Inspector de Obras nunca houbo nin hai nada. Todos os informes urbanísticos teñen un soporte físico, en papel. Todos eses soportes físicos e os expedientes urbanísticos figuran no ordenador do Administrativo de Urbanismo e do Auxiliar Administrativo e non lle faltou ningunha peza. Resulta que os do Bloque quixeron roubar unha peza importantísima para boicotear a marcha do Departamento de Urbanismo cando marcharon, e foron coller unha peza dun ordenador no que non hai nada e a colleron dun ordenador no que non hai nada. Quenes teñen que resolver o misterio son vostedes e non o resolveron. Estivo o CSI, a Garda Civil e non sei se algún investigador privado. Non sabemos para que servía esa peza ou o que tiña pero para o que non servía era para a tramitación dos expedientes urbanísticos. Se alguén pensou que roubando esa peza se ía librar de algún expediente, axudar a algún colega, boicotear o traballo da Concelleira, menudas chapuzas. A segunda preocupación saíu tamén na prensa, que a Policía Local de Moaña recibiu instrucións de non atender a chamadas de veciños para levantar actas de inspeccións urbanísticas, o 20 ou 23 de xuño e ninguén o desmintiu. O razoamento era que habendo unha boa Inspección de obras non era

necesario que a Policía Local se dedicase a eses asuntos. O único problema e que a Inspección de obras solo funciona de luns a venres de oito a dúas e media. Nin festivos e fora dese horario. Non funciona para atender a calquera chamada, denuncia ou queixa dos veciños. O fundamento da Policía Local é que se cumpran as ordenanzas que dita o Concello, entre outras, as ordenanzas urbanísticas. Están ao servizo dos veciños, cando se lles pecha a porta dun inmovible, cando se desprende unha anaco da placa do edificio, para levantar unha acta por rúidos dos veciños, para levantar parte nun accidente de tráfico, e tamén están para cando os chamen para comprobar se se están a facer obras ou actuacións urbanísticas con ou sen licenzas. Están para cando os veciños os chamen e non se pode dicirlles que traballen solo para unhas cousas e para outras non. Sorpresas de xullo, hai cen días de cortesía, de deixar poñer a andar as cousas. Pasados os cen días e pasado o tempo, comprobamos que nos parecía entender que o PP, que noutras cousas non cumpría, na súa política de indisciplina urbanística estaba próximo a cumprir, case que o 100% de cumprimento do seu programa. Neste momento, a Alcaldía ditou vinte e cinco resolucións en materia urbanística. En seis meses e medio, a pouco máis de catro por mes. A algúns pareceralle moito, a outros pouco, para algúns nada. Se as analizamos vemos que cinco son de arquivo de expediente, ben pola restauración da disciplina urbanística ou porque se legalizou a obra. Oito son de continuación na tramitación de expedientes previamente iniciados e nos que se solicita papeleo, se desestimana alegacións ou se lles dá instrucións para que cumpran o que non cumpriron. Outras seis son de desestimación de denuncias dos veciños. Probablemente as desestimacións sexan acertadas, deben ir acompañadas polos seus informes que dirán se se estima ou non. Seis denuncias e reclamacións á tramitación do expediente. E unha delas é unha recolución para atender a unha orde xudicial. Se restamos todas estas resolucións, o Goberno Municipal, en sete meses, iniciou oito expedientes de reposición da legalidade, que unicamente se trata de detectar se se está a iniciar unha obra e conta ou non con licenza ou se se están incumprindo as autorizacións que se deron á persoa para a realización da obra. Non se trata de establecer infracción ou instar a adopción de medidas por parte do presunto infractor, solo iniciar o expediente, dar coñecemento e informar ao afectado de que pode presentar a documentación que considere oportuna. Algúns deses expedientes semellan obras legalizables, outras son incumprimentos de licenzas que facilmente os afectados poderían adecuar. Son oito. De vinte e cinco quedan oito. Desas oito, antes do 25 de novembro solo hai tres, e os tres por denuncia, en seis meses. Os cinco expedientes iniciados a partir do día 25. Cinco nun mes. Fainos preocupar extraordinariamente, as consecuencias da nosa acción política son contrarias ao que nos desexamos. Durante seis meses que non dixemos nada non hai infraccións urbanísticas en Moaña. Cando denunciámos que existen infraccións e a parálise dos Servizos Urbanísticos do Concello, aparecen cinco, en un mes, cando en seis meses houbo tres. Imos dala razón a quen nos di que esteamos calados porque haberá menos. Incrementáronse os expedientes de infracción urbanística despois da queixa, multiplicáronse proporcionalmente por cincoenta. É triste. Hai dúcias e dúcias de veciños que solicitan licenza, pagan taxas e impostos, fan a súa cesión, realizan a obra de acordo co que os seus arquitectos dibuxaron e a Xunta de Goberno autorizou, se sentirán defraudados cando vexan que outros dos seus veciños, a minoría, podían facer obras sen licenza, podían solicitar licenza e facer outra cousa, podían ceder ante Notario terreos, en escritura pública, e despois podían non facerlle caso á licenza, ao

Aparellador, ao Concello, e o máis grave, a partir do 11 de xuño, non facerlle caso aos expedientes que abriu o propio Concello porque a partires do 11 de xuño non se está a tramitar practicamente ningún deses expedientes. Falei de sete ou oito escritos de tramitación, a maior parte deles reiterativos. Non se está a tramitar as infraccións de cesión a dominio público, de obras feitas sen licenza, obras non legalizables, ou obras que teñen expediente xudicial. A situación debe ser coñecida. A non ser que a Concelleira sexa capaz de darme unha explicación. Saiu na prensa explicando que tiña enriba de mesa trece informes do Inspector de Obras sobre infraccións urbanísticas. E solo se abriran tres expedientes, os outros dez segurían enriba de mesa. Esta semana enterámonos que se abriu expediente de infracción urbanística en base a un informe de inspección urbanística datado no mes de xullo, cinco meses despois. Un informe que non é calquera cousa. E un expediente que probablemente, se non fose pola nosa queixa, non chegaría a abrirse. A Concelleira ademais de recoñecer na prensa que non se estaban a abrir expedientes, como pudemos demostrar, tamén dixo na prensa e repetiu no Pleno, unha cousa extrañísima, que ratifica a doutrina do PP, que é que vostede vai arreglar as cousas con diálogo. ¿Qué artigo da Lei do Solo o permite?. Na Lei do Solo se regula cómo se tramitan as infraccións urbanísticas, regulado para defender os dereitos dos cidadáns, da Administración e de todos. Quixera que explicara estes casos, se ten un motivo, se responde a unha política definida do actual Goberno Municipal, ¿en qué consiste o diálogo?. ¿En qué basea a apelación ao diálogo, dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña, en qué parte fala do diálogo como aplicación da disciplina urbanística?. En segundo lugar, quixera que me explicara se o diálogo é aplicable a todos os veciños ou solo a algúns. Curiosamente, mentres abría un expediente de infracción urbanística por unha cesión a público dun resto de retranqueo a vía pública, hai poucas semanas, mentres tanto, ten paralizados o resto de expedientes de infracción urbanística anteriores dende o mes de xuño. Fálolle de resolucións do Alcalde de arquivo de expediente cando se restaurou a legalidade ou de instar ao veciño a cumprir coa legalidade. Estalle a dicir aos veciños que abre expediente por non ceder terreos a público tal como comprometeu en escritura ante notario e, a outros, con expedientes xa rematados con sentenza xudicial dende o 11 de xuño, aquí non se lle fai nada. A pregunta é se o diálogo, tal como o entende, vai ser extensivo a todos ou vai ser extensivo unicamente con aqueles cos que pensa dialogar. Terceira cuestión, admitindo que o diálogo, se está nas leis, debe ser o proceder entre as persoas e a Administración para conseguir o cumprimento da lei, que o diálogo pode ser un primeiro medio, ¿vai aplicarse unicamente ás meterias urbanísticas ou va ampliarse á xestión das multas de tráfico?. Falamos de cousas semellantes. Os veciños deben saber se aplica a todas ordenanzas, solo a algunhas. Queda claro que por razóns que se me escapan non foi a disciplina urbanística a principal preocupación da Concelleira de Urbanismo nos últimos meses. Non hai vixianza da disciplina urbanística en Moaña. Hai casos constantes, casos coñecidos en todos os barrios, algún clama ao ceo. Que explique se a súa liña de traballo vai ser esta, se a súa política de disciplina urbanística vai ser a de deixar facer ata que alguén se queixe. Unha política urbanística moi coñecida neste Concello e noutros. Quixeramos saber se o trato será igualitario para todos os veciños. E cal é o límite do diálogo, se o diálogo e para todos ou ten algún límite.

A Sra. Varela afirma que o Sr. Millán dicía que era famosa na prensa a indisciplina urbanística en Moaña co actual Goberno. Á prensa tamén chegou a operación “cazo”. Á

prensa chegan moitas cousas. Que sexan ou non reais xa é outra cousa. ¿Indisciplina urbanística?. Cando sexa máis concreto xa veremos. ¿Ordenador?. Porque non hai cartos, senón chamaríamos ao CSI. Unha de dous, ou o Inspector de Obras minte ou está tolo. Foron as súas palabras, que desaparecera. Non denunciámos nós, denunciou el. Foi o luns pola mañá, o 13 de xuño, cando entramos. Ao mellor xa desaparecera a fin de semana. ¿Que se dera a orde a Policía para que non acudiran a atender os veciños?. Non é certo. A Policía está a fin de semana, pero durante a semana, para as denuncias urbanísticas hai dous Inspectores. ¿Para que se ían adicar os Policía a cuestións urbanísticas cando hai dous Inspectores de Obras e teñen moitas outras cousas que facer?. Hai dous Inspectores. Durante a semana se encargan os Inspectores das obras ilegalidades e denuncias urbanísticas e durante a fin de semana se encargará a Policía. Todas as denuncias levan un previo informe, non hai nada sen previo informe do Inspector. Se son poucas ou moitas... Unha pregunta, o Goberno que abre máis expedientes, ¿é mellor?, ¿onde o pon?. Igual que cando din que o Goberno é barato, porque hai solo dúas exclusivas. Con poucas denuncias, ten que ser malo. Dígame onde se pon que hai un prazo para abrir un expediente. Se de prazos falamos, eu teño aquí moitos expedientes que podemos abrir. Vostedes verán. Algúns aínda non se abriron. Cada denuncia leva un estudo. ¿Que fomento o diálogo?, ¿é unha irregularidade fomentar o diálogo?, ¿sou culpable de algo?, ¿onde está a ilegalidade do que levo feito estes seis meses?. Levantarse pola mañá e levantar expedientes repartíndoos como caramelos. O urbanismo non é solo abrir expedientes. É tamén xestión, trámites administrativos e atender aos veciños, algo que antes non se facía.

O Sr. Millán di que a Concelleira falou da “operación cazo”. Quero interpretar que se refería á operación orquesta”. Como non se lembra do nome non se lembrará que na operación orquesta, coma na operación traxes de Valencia, están imputados cargos públicos do PP. Como tamén van estar quen tiña idea de facer un urbanismo moi particular, o ex Alcalde e o ex Concelleiro de Urbanismo de Gondomar, do PP. Tamén era orixinal no urbanismo o anterior Alcalde de Gondomar, do PP. Son os cazos que se coñecen en Galiza, os campeóns do cazo. Cada vez que rascan no cazo sempre atopan debaixo unha marea azul. Demostrado. O que non atoparán nunca rascando nun cazo e a algún dos que se senta neste lado. Levan moito tempo buscando e non o atoparon. Unha segunda cuestión, o Inspector de Obras do Concello, non pudo denunciar nada porque o 13 de xuño estaba de vacacións.

A Sra. Varela di que estaba pero viu.

O Sr. Millán di que a Concelleira entón debe ser lenta para reaccionar ante un caso de roubo e sustracción tan evidente porque saiu a súa queixa a últimos de semana, 16 ou 17. Hai unha foto de vostedes analizando o ordenador publicado o 18, 19, 20 de xuño. Está na prensa. É secundario, non me contestou á pregunta de qué papeis lle faltan. Supoño que o Inspector de Obras que ten unha responsabilidade á marxe de quen goberna diría o que pasou, qué había nese papel, no lugar no que roubaron. Poderíalle dicir que dous tres meses antes, o Voceiro do PP tiña solicitado copia dos informes urbanísticos que había, fun onde a el e me dixo que no seu ordenador non había ningún. Para a tramitación dos expedientes é secundario. Todos os seus informes figuran en formato papel nos expedientes administrativos depositados na Administración. Respecto da Policía Local, na Inspección de obras, había dous Inspectores. Por decisión do PP un Policía pasou a Inspector de Obras, e por arte do PP, ese que era Inspector pasou a

Administrativo. Solo queda un. Aínda que houbera dous ou máis, a Inspección de obras coma a maior parte dos servizos municipais comeza as oito da mañá e remata ás dúas e media. Para iso ten que intervir a Policía Local. A semana pasada en horario de traballo do Inspector de Obras tivo que intervir a Policía Local para dar cumprimento a unha orde da Alcaldía. Policía Local e Inspector de Obras. Se hai interese fanse as cousas. Se non o hai non se fan. O Goberno que abre expedientes non é mellor nin peor. Cando a apertura de expedientes está fundada non debe ser crucificado publicamente como foi o anterior Goberno Municipal, cando abría expedientes de acordo ca legalidade. O expediente de infracción de urbanística e unha garantía para a colectividade er para as persoas individualmente. Moitos dos infractores acudiron ao Xulgado, durante catro anos. Non chegan aos dedos da man os casos en que o Xuíz déulles a razóns aos reclamantes, aos infractores. Na inmensa maioría dos casos o Xulgado déulles a razón aos Instructores dos expedientes. Dito en prata, o Concello estaba a actuar ben. O mellor é facer cousas de acordo ca lei e ca maior corrección posible, non tratando de facer amigos, aínda que sexa moi popular. Intentar cumprir ca lei e tramitar correctamente os expedientes será a garantía do Concello de que se fan as cousas ben. Haberá veciños que, tendo razóns, se sentirán discriminados, pero facero contrario, porque se cree que hai outros principios por riba das ordenanzas ca lei, cas ordenanzas, do Plan Xeral, da lexislación, por riba de o funcionamento normal de un concello, e que iso o decicen os políticos, iso si que vai traer graves problemas. O Goberno anterior foi crucificado por vostedes en todas as esquinas de Moaña, defendendo o indefendible. Solo pedimos que obre como debe obrar unha Concelleira de Urbanismo, e ou seu Departamento, nin mellor nin peor. Habería casos puntuais que poderían sacar os colores, como hai poucos dias en Domaio, en Tirán, Broullón... Eses casos, grazas a este detalle posto como exemplo da idiosincrasia deste Concello no que o Goberno leva ao Xulgado á Oposición, cosa nunca vista en ningún concello de España, daremos as probas do que teremos que probar onde hai que facelo. Ningún dos presentes neste lado vai denunciar a ningún veciño de Moaña. Como Concelleiros non estamos para iso, o que estamos é, vostede como Concelleira de Urbanismo, e nós coma Concelleiros da Oposición é para dar garantías a todos os veciños de que son iguais ante a lei e para tratar ca mellor vontade de que a igualdade se manifesta. Hai casos no que non se está a obrar igual con todos os veciños. Temos un exemplo claro a semana pasada.

A Sra. Varela pregunta onde estamos en Moaña ou Valencia. Comparezo coma Concelleira de Urbanismo de Moaña, non me importa o urbanismo de Gondomar, ou de A Laxe. Tampouco comparezo por todos os gobernos dos Partido Popular ou por gobernos anteriores. Comparezo polos meus seis meses. ¿Fomentar o diálogo? ¿fomentar o diálogo con que eu quero?. Vostedes tamén fomentaron o diálogo con quen quixeron. ¿Que o Goberno anterior foi crucificado?. Aos dous anos se lles solicitou unha comparecencia, vostedes xa pediron a primeira en seis meses. O urbanismo non é solo abrir o expediente, tamén é facer cousas por Moaña. ¿Por qué non preguntan polo traballo que se fixo nestes seis meses?. O desbloqueo e aprobación do PXOM, un centro cultural de Rosalía de Castro, reconstrucción do muro do centro cultural de Berducedo, asfaltado e mellora de camiños e colocación de puntos de luz, desbloqueo dos terreos de Sisalde para novo centro de saúde, ampliación do paseo marítimo no ata o Salitre, construcción de cantina no campo de fútbol... Non solo se trata de denunciar. Obras ilegais do goberno do BNG, compra de terreos para o campo de fútbol do Casal á

familia de Daniel Rodas, aínda está na Fiscalía o asunto, compra de terreos en Sisalde, a distintos prezos, parque de Tirán, se concedeu unha subvención de doce mil euros de que aínda non se instalou, está no Xulgado de Primeira Instancia de Cangas. ¿Esa é a transparencia urbanística?. Obras feitas por afiliados do BNG e outros, Modesta Riobó, Diputada Autonómica do BNG, obra ilegal en Domaio, nin unha sola multa coercitiva.

O Sr. Millán di que acaba de facer insinuacións gravísimas. Nunha exposición tan longa non fixen unha sola alusión persoal, nin siquera a feitos concretos, solo situacións, papeis e expedientes. Datos incontestables, números de papeis. A súa resposta ademais de afectar á honra de persoas, é inxuriosa e calumniosa. Que conste en acta, moi especialmente todas son mentiras, inxurias, calumnias e insultos, especialmente a última alusión a unha persoa que non está aquí, que non pode defenderse e que non está na política, que non é unha persoa pública e que fixo unha obra coa súa licenza urbanística. Que conste esas catros insinuacións que fixo, especialmente a última. É unha verdadeira mentirosa.

A Sra. Varela responde que ela non comezou o xogo. Comezouno o Sr. Valentín cas súas declaracións na prensa. Falando dos familiares da Concelleira de Urbanismo. Aquí se caemos caemos todos.

A Sra. Freire sinala que quere amosar o seu malestar polo feito de traer casos particulares de xente que non está presente. É a primeira vez que se fai nun Pleno de Moaña. O Secretario pode dicir como no Regulamento Orgánico determina que para traer asuntos particulares ao Pleno hai un procedemento establecido que vostede non respectou. Reprobo a súa actitude. ¿Qué vostede fomenta o debate con quen quere?.¿Está a facer un trato desigualitario entre os veciños de Moaña?

A Sra. Varela responde que o que afirmou foi que o que preguntaba era se o Sr. Millán fomentaba o diálogo con quen el quería. Que el dicía que eu fomentaba o diálogo con quen eu quería.

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, di que a Sra. Varela fixo alusións persoais. Que o Secretario recolla en acta esas referencias persoais. Un consello, Susana, se non sabes, ¿para qué te metes?.

O Sr. Millán afirma que estes últimos minutos resultan lastimosos. A Sra. Concelleira debe saber que nos catro anos anteriores, para o Goberno Municipal e, especialmente para o Concelleiro de Urbanismo foron de pouco diálogo, de poucas satisfaccións. Tentar facer que se cumpra a lei, fai poucos amigos e poucas palmadiñas no lombo. Canta máis palmadiñas lle dean, canto máis alegremente fale e mellor o pase no seu posto será un bo termómetro de que o está a facer mal. Nós levamos nesta materia da disciplina urbanística moitos disgustos, críticas inxustas, incluso con persoas moi próximas ás que lle tiñamos que dicir que a lei era igual para todos. Vostede conseguiu en moi pouco tempo moitos apoios e aplausos. Deus llos conserve. Co tempo vaise arrepentir dos amigos que fixo.

## **6.º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A ADOPCIÓN DE UN ACORDO MUNICIPAL DE SOLIDARIDADE, APOIO, COLABORACIÓN E IMPULSO A FAVOR DA “GUARDA E CUSTODIA COMPARTIDA”.**

A Sra. Solla, Concelleira delegada de Ensino procede a dar lectura a moción:

## **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

### **PARA LA ADOPCIÓN DE UN ACUERDO MUNICIPAL DE SOLIDARIDAD, APOYO, COLABORACIÓN E IMPULSO A FAVOR DE LA “GUARDA Y CUSTODIA COMPARTIDA”**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

La igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres en todos los ámbitos de la vida es una constante en los países democráticos y un objetivo primordial en la construcción de una sociedad más justa e igualitaria.

Igualmente, la Convención sobre los Derechos del Niño, proclamada por la Asamblea General de Naciones Unidas el 20 de Noviembre de 1989, y ratificada por el Reino de España el 30 de Noviembre de 1990, obliga a los Estados a respetar el derecho de los niños a mantener relaciones personales y contacto directo con ambos progenitores de modo regular.

En la actualidad miles de ciudadanos españoles, incluidos también miles de niños y niñas, se ven afectados por graves problemas tras la separación o divorcio de la pareja. Según el Instituto de Política Familiar hoy se celebran en España dos divorcios de por cada tres matrimonios y se estima que casi la mitad de los matrimonios que se contraen acaban, antes o después, en divorcio. Esto quiere decir que la masa de población afectada es enorme. Sin embargo, las leyes que regulan las rupturas matrimoniales están anticuadas y es necesario reformarlas, pues producen graves perjuicios sobre todo en los menores, a los que no se les garantiza su derecho más elemental de continuar conviviendo con sus dos padres de manera igualitaria y alterna, convirtiéndoles a menudo en instrumento de arma arrojadiza o en moneda de cambio para obtener considerables beneficios materiales en el proceso de divorcio.

Estas leyes son normas de un pasado ya lejano, que no tienen en cuenta la transformación de la sociedad española, en la que la mujer ha logrado incorporarse con fuerza al mercado laboral y por tanto está en condiciones de mantener su autonomía. Por su parte los varones han adoptado un papel activo en la crianza de los hijos, se implican en sus cuidados desde el nacimiento y se preocupan por su educación, su bienestar y su futuro. En contra de esa evolución social, las normas relacionadas con el divorcio imponen a la mujer la especialización en la crianza de los hijos y en consecuencia son normas que entran en contradicción con las políticas de igualdad y progreso que pretenden fomentar y consolidar el desarrollo profesional de la mujer.

En la actualidad el índice de contenciosidad en la resolución de las disoluciones matrimoniales se sitúa en el 41%. Además, el actual modelo de divorcio impone, en el 92% de los casos, que los hijos queden a cargo de un solo progenitor, mientras el otro pasa a tener, a menudo de modo impuesto, un papel secundario y sin relevancia alguna, lo que con el tiempo, en la mayoría de los casos, trae consigo la desaparición de ese referente en la vida del menor. La pérdida injustificada de uno de los padres supone un

drama para cualquier niño, drama que acaba produciendo desequilibrios emocionales que arrastrará en su adolescencia y en la vida adulta.

Las consecuencias de este sistema adversarial de ganadores y perdedores, lejos de garantizar el ejercicio de los derechos y deberes, incentiva el conflicto en la vida de sus hijos y dificultando enormemente la posibilidad de que el divorcio pueda significar una oportunidad real para rehacer la vida de los adultos y al mismo tiempo normalizar y armonizar la vida de los menores con sus dos padres.

Atendiendo a criterios de derechos de los niños, así como de igualdad y corresponsabilidad de los progenitores, son numerosos los países que han introducido la “Guarda y Custodia Compartida o responsabilidad parental compartida” en su legislación. Tal es el ejemplo de Alemania, Austria, Australia, Bélgica, Canadá, Dinamarca, EE.UU, Francia, Inglaterra y Gales, Italia, Portugal, Republica Checa, Suecia, Argentina, Brasil, Colombia, Perú, Puerto Rico, etc.

Por otra parte y como demuestran las encuestas de opinión publicadas recientemente así como las iniciativas legisladas aprobadas en diversos ayuntamientos, parlamentos autonómicos, diputaciones, juntas generales, y Senado, la sociedad actual acepta y se posiciona mayoritaria y claramente a favor de la “Guarda y Custodia Compartida”, aún a falta de acuerdo entre los padres.

## **ACUERDO**

Esta Corporación Municipal, siempre en su obligación de velar por el mejor interés de los menores y por reivindicar y defender los derechos civiles de los ciudadanos adultos y niños, donde son vulnerados, **acuerda:**

Instar a las Cortes Generales para que aborde las modificaciones legales pertinentes en el Código Civil de manera que figure la **Guarda y Custodia Compartida como un derecho del menor, que sea posible otorgar de modo general aún en defecto de acuerdo de las partes.**”

A Sra. Nogueira, Concelleira do BNG, sinala que no BNG consideran que despois dunha separación a garda e custodia compartida pola nai e o pai sería o ideal para o interese das e dos menores, sempre e cando exista acordo entre as partes. A actual normativa xa contempla no artigo 92.5 do Código Civil a posibilidade de acordar o exercicio compartido da garda e custodia dos fillos e fillas cando o soliciten os proxenitores ou cheguen a ese acordo durante o procedemento. Ademais, o xuíz ou xuíza pode decidir a custodia compartida se solicitado por unha das partes e tendo o informe favorable do Ministerio Fiscal, entende que dese xeito se protexe o interese superior do menor. A custodia compartida significa repartir o tempo ao 50%, que o menor estea a metade do tempo ca nai e a outra metade co pai. Na práctica pode levarse a cabo de dúas maneiras, ou que as menores permanezan no domicilio familiar, sexa o pai ou nai o que vaia alternando a estancia con eles ou o que é máis habitual, que cada proxenitos teñan un domicilio habitual e o neno ou a nena e é que cambia de domicilio,



cada día, cada semana cada mes ou cada ano. En un réxime destas características require que o pai e a nai vivan en lugares próximos para que a/o menor poida acudir ao colexio e manter as mesmas actividades e relación persoais. O pai e nai ademais deben intercambiarse puntos de vista para unificar pautas de conduta, é dicir, debe haber un bo entendemento entre eles. Na moción que se presenta propónse un modelo que entraría en vigor cando non hai acordo entre os pais. O xuíz adoptaría un réxime de custodia compartida solo ca solicitude do pai ou da nai sen acordo previo de ambos. Fala de “outorgar a garda e custodia compartida de modo xeral, aínda en defecto de acordo entre as partes”. Consideramos que o cambio que se propón é contrario á filosofía da custodia compartida, onde ten que haber un compromiso polas dúas partes de aceptar as responsabilidades que dependen deste tipo de réxime de custodia, deixando as discrepancias á marxe, para que prevaleza sempre o interese do menor, que é a quen hai que defender. Parécenos que esta imposición no momento de máis conflito eleva o perigo de desestabilizar emocionalmente aos menores e ás menores e que se debe máis a intereses dos adultos que aos intereses dos nenos e das nenas. Votaremos en contra porque cremos que de non haber acordo para que se comparta a custodia, débese valorar en cada caso o grado de corresponsabilidade exercido por cada proxenitor durante a vida en parella, como se produce a ruptura e os vínculos emotivos do neno co pai e coa nai á hora de establecer o réxime da custodia.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, afirma que dende o PSOE non van apoiar a moción. Consideramos que non contempla toda a casuística posible, porque para establecer a custodia compartida ten que haber un acordo entre partes e se trata de un tema demasiado complexo. Hai unha ponencia no Senado onde se está a debater o asunto. Consideramos que toca a Deputados e Senadores ocuparse de estes temas e a nós ocuparnos de outros temas máis importantes para os veciños de Moaña.

A Sra. Solla sinala que a moción que se presenta, porque son datas nas que moitas familias empregan coma moneda de cambio aos rapaces. Deberían de ser as dúas partes as que tomasen a decisión na vida dos rapaces aínda que estean separados. Os pais non son os que levan os nenos cada quince días, os pais saen das casas e os nenos quedan. Hai catro casos coñecidos. Na cuestión da violencia de xénero, un acusado de violencia de xénero non pode optar a custodia, depende do grao de violencia. Fanse informes para valorar as situacións que se levaron a cabo. Non lle podes negar a ninguén a custodia do seu fillo. Hai informes de Servizos Sociais de menores.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do PP para a adopción de un acordo municipal de solidariedade, apoio, colaboración e impulso a favor da “guarda e custodia compartida”, obtendo oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e oito votos en contra, sete dos representantes do BNG e un da representante do PSG-PSOE.

Sometida, tralo empate, novamente a votación a citada moción queda aprobada polo resultado de oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e oito votos en contra, sete dos representantes do BNG e un da representante do PSG-PSOE, polo voto de calidade do Alcalde que desfai o empate, co seguinte acordo:

- Instar ás Cortes Xerais para que aborde as modificacións legais pertinentes no Código Civil de maneira que figure a Garda e Custodia Compartida como un dereito do menor, que sexa posible outorgar de modo xeral aún en defecto de acordo das partes.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE RESPECTO DA PARALIZACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DO DESDOBRAMENTO DO CORREDOR DO MORRAZO E 8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NECESIDADE URXENTE DE MELLORA NAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO MORRAZO.**

O Sr. Alcalde afirma que por tratarse de dúas mocións cun mesmo punto se acumulan na Orde do día.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, afirma que a moción que presenta o seu Grupo engloba moi ben a situación plantexada. Seguidamente da lectura á moción:

**“Moción concellos tema Corredor O Morrazo**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras anunciou hai escasos días a paralización da construción do desdoblamento do Corredor de O Morrazo.

Esta infraestrutura que conta con 6 anos de posta en servizo foi concibida no seu día polo goberno do PP na Xunta de Galicia como unha das chamadas “vías rápidas”, con un carril só en cada sentido e en algunhos tramos un carril lento.

Dado o volume de tráfico que soporta a comarca de O Morrazo non só no verán pola afluencia do turismo senon ó longo de todo o ano, polos continuos fluxos de cidadáns que manteñen o seu traballo, a súa residencia ou segunda residencia e o seu lugar habitual de compras, servizos, asistencia sanitaria, etc., entre Vigo e esta comarca, todo facía prever que o deseño deste corredor era insuficiente.

De feito, o PSdeG-PSOE sempre mantivo e manifestou públicamente que este corredor tiña que nacer como unha autovía, con dous carrís en cada sentido, que debía ser unha infraestrutura para vertebrar o conxunto da comarca e conectala directamente coa AP9 e tamén con Marín.

Por isto, cando chegamos ao goberno, despois de poñer en servizo este Corredor de O Morrazo e dentro da planificación da Consellería de Política Territorial, seguindo o mesmo modelo aplicado no desdoblamento dos corredores de O Salnés e O Barbanza, licitamos a asistencia técnica para a redacción do proxecto de trazado e impacto ambiental, cun orzamento base de 289.787,37 euros, cuxa publicación está no DOG do 26 de febreiro de 2008 e cun prazo de execución de 20 meses.

Tamén licitamos a asistencia técnica para a redacción do proxecto e impacto ambiental das variantes de Cangas e Moaña, publicada no DOG do 28 de febreiro de 2008, cun orzamento base de 266.279,16 euros e cun prazo de execución de 22 meses.

Ambas dúas obras foron adxudicadas en xullo de 2008 e publicada a súa adxudicación no DOG do 2 de setembro de 2008.

Despois disto, e unha vez que chega de novo ao goberno de Galicia o PP, co Sr. Núñez Feijoo de Presidente, acontece o que xa todos coñecemos hoxe cunha serie de decisións retrasadas, incumprindo os propios prazos que a Xunta de Galicia se outorga a sí mesma a través do DOG:

En abril de 2010 o Conselleiro Hernández, cun retraso de máis de 6 meses, anuncia o trámite de información pública deste proxecto no que se van a investir 68,8 millóns de euros, nunha infraestrutura que pretende estar operativa a finais de 2013. Comparando este anuncio coas previsións contidas no Plan Move xa nada coincide, hai un desfase temporal e de 15 millóns de euros, pois non Plan Move se contemplaba o 2015 como data de remate e un investimento de 53.893.000 euros.

Tamén anuncia que xa non fan falla os estudos de impacto ambiental posto que o Corredor orixinal xa tivo informes de impacto (cómo si dende aquela a lexislación en materia de protección do Medio Ambiente non houbera mudado para facerse máis restrictiva) e ao mesmo tempo paraliza a construción das variantes de Cangas e Moaña.

O goberno de Feijoo esquece que a execución do actual corredor supuxo no seu día para os veciños da Comarca graves molestias que hai que evitar agora no seu desdoblamento, planificando axeitadamente o seu deseño e as medidas correctoras e mitigadoras do impacto.

Agosto de 2010 o goberno aproba definitivamente, tamén con retraso sobre o previsto o expediente de información pública e proxecto de trazado.

Outubro de 2010 o goberno aproba o anteprojecto de concesión da obra pública.

Marzo de 2011 publícase a licitación do procedemento para a adxudicación do contrato e remata o prazo para presentación de ofertas en xullo de 2011.

E finalmente en decembro de 2011 declárase deserta a licitación de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía de O Morrazo, baseado en criterios técnicos e deslizando problemas económicos da única empresa que se presentou a esta licitación.

O goberno de Núñez Feijoo sabe dende hai tempo destes problemas pero deixou transcurrir os prazos sen amosar a máis mínima preocupación, a pesar de que con este sistema de adxudicación extraorxamentaria se pon en risco nas condicións do concurso que ás empresas lles resulte atractivo concurrir a estas licitacións.

Ante esta situación, o Grupo Municipal Socialista no concello de Moaña presenta a seguinte MOCION para debate en Sesión Plenaria.

O Concello de Moaña insta á Xunta de Galicia a revisar as condicións do concurso de licitación da concesión de obra públicaa para a construción da Autovía de O Morrazo, de xeito que se garanta o seguinte:

- a) Que a licitación da obra se realice nos vindeiros tres meses.
- b) Que no prazo máximo de 3 meses a partir da licitación se adxudique a obra.
- c) Que en xullo do ano 2014 a obra se poida poñer en servizo.”

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG, sinala que tiveron que pasar seis anos dende a apertura da Vía Rápida para que quedase demostrado o que dicíamos sobre que esa vía era insuficiente para o tránsito de vehículos e que ademais non respectaba o medio ambiente, rachando ca paisaxe e que non era segura pola falta de un terceiro carril onde era necesario. Non é segura. A Xunta entón barallaba dous modelos: un cun orzamento de vinteun mil millóns e outro de doce mil millóns, que foi o que finalmente se fixo. A primeira ía construída por viaductos e túneles, sen rachar co monte, unha vía alternativa máis segura que contaba cun tercer carril en moitos tramos. Os veciños demandámolo. Naquel momento en Moaña gobernaba o PP. Mala sorte. Un desgobierno que se limitou a claudicar ante a Xunta de Galicia. Non solo se opoñían os veciños, tamén unha plataforma. Ante a actuación do Goberno Local, daquela, o Goberno da Xunta optou pola solución máis barata, que, sen dialogar cos colectivos veciñais mandou á forza pública ao monte a bater cos veciños. Logo veu a pantonima de desdoblar. Empezaron cas comidas e os anuncios. En decembro do 2009 falaban de que a comezos do 2010 comezarían a construír. O mesmo en decembro do ano pasado. Logo ven o Concelleiro a Cangas e non di nada. Situación de impasse. Nesta situación o Grupo Municipal do BNG, presenta a seguinte moción (O Sr. Piñeiro da lectura á moción do seu Grupo):

#### **“MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NECESIDADE URGENTE DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO MORRAZO**

O BNG denunciou sempre que o "Corredor " non era a solución aos problemas de comunicacións na península do Morrazo. Resultou ser unha obra mal deseñada, deficientemente executada e que supouxo un desastre medioambiental e patrimonial, na que foron principais responsables os actuais presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijó, conselleiro da CPTOPV en 2003, e o actual conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, entón Director Xeral de Obras Públicas. Seis anos despois da súa apertura, o Corredor do Morrazo demostrou a súa insuficiencia para absorber os fluxos de tránsito que el mesmo incrementou e converteuse nunha das vías con maior índice de sinistralidade do país. Así o proban as cifras de accidentes rexistradas e, tristemente, tamén as de mortes. As grandes deficiencias de concepción e de trazado desta estrada afectan gravemente á seguridade viaria e as "solucións" da Xunta de Feijoo demostraron de novo que non eran unha resposta efectiva: levamos case tres anos enganados na promesa dun desdoblamento en autovía que acabou nun fiasco que defraudou a todos os veciños e veciñas da comarca.

O BNG reclamou xa desde 2001 modificacións no trazado do corredor proxectado para incrementar a súa seguridade e reducir as súas afeccións, que foron ignoradas con

absoluto desprezo polos entón gobernantes. Demandou máis tarde solucións urxentes á inseguridade de esta vía, a atención das vías interiores e os accesos ao corredor así como as imprescindibles circunvalacións. Denunciou por último, unha vez que o goberno do PP optou polo desdoblamento en autovía baixo a forma de concesión de obra pública, o encarecemento innecesario do proxecto de ampliación co recurso de "peaxe na sombra" que supoñía multiplicar por 5 os custes da obra: de 69 millóns de euros a 365.

O proceso de tramitación e licitación do proxecto de desdoblamento permitiunos asistir a unha nova farsa:

-Nunha conferencia de prensa (6 de maio de 2010) en Bueu, portavoces do Partido Popular da comarca do Morrazo anunciaban que a finais dese mesmo ano (2010!!) comezarían as obras de desdoblamento do Corredor. Ao día seguinte, 7 de maio, o *Diario Oficial de Galiza* publica a Resolución do 3 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Infraestruturas, pola que se submetía ao trámite de información pública o anteprojecto de concesión da obra pública da autovía do Morrazo e conservación da rede autonómica de estradas na península do Morrazo. Nesa altura, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, comprometía a licitación da obra para ese mesmo ano -2010- e o inicio dos traballos de desdoblamento para o comezo de 2011, con remate definitivo e entrada en servizo no 2013.

Estes prazos foron obviamente superados. En espazo de meses o Goberno do Partido Popular enganou en varias ocasións á sociedade. Non se fixo nada, mais aparentábase que se facía. Vulneráronse prazos comprometidos, mais tanto tiña. Contodo, en maio de 2011 convocáronse eleccións municipais. E en novembro eleccións xerais. Así que se pon en marcha unha operación propagandística presentado un proxecto que logo se eliminaría de xeito deliberado. Así foi.

-En febreiro de 2011, o Consello da Xunta autorizaba un gasto de 364´6 millóns de euros destinados á construción da Autovía do Morrazo através da denominada "colaboración público-privada con sistema de pagamento aprazado". Un bonito negocio empresarial, e inaceptable despilfarro de recursos públicos. Con razón, o propio Presidente da Xunta cualificaba este anuncio como "o maior contrato de obra pública que se fixo nunca na comarca do Morrazo".

-Porén, pasadas as eleccións xerais, anúnciase xa a suspensión indefinida deste proxecto. Só podemos calificar como unha absoluta fañta de respecto aos veciños e veciñas do Morrazo que, despois de abrirse no mes xullo a única oferta presentada, se tarde 5 meses en declarar deserto o concurso, porque a oferta non respectaba as bases de licitación, algo que podía saberse aos quince días a través do informes técnicos. Mais iso non interesaba: interesaba manter a farsa ata que pasasen as eleccións.

Unha vez que o pasado 12 de decembro a Mesa de Contratación acordou declarar deserto o concurso, as respostas dos cargos políticos da Xunta de Galicia son

especialmente inquietantes: persisten en manter o proxecto de desdoblamento, persisten en licitalo de novo como concesión de obra pública e non saben cando poderán volver a facelo. En resumo: estamos como en 2009, ou tal vez peor, porque se incrementou notablemente o tránsito e o número de vítimas do corredor segue en aumento. Á marxe de depurar as responsabilidades políticas deste fiasco –como pode aprobarse un proxecto e un orzamento que só promove a presentación dunha oferta, e esa oferta para axustarse economicamente debe introducir unha variación no 30% do trazado? Como poden ocultarse por interés político estas circunstancias ata despois dunhas eleccións?- é urxente adoptar iniciativas que devolva a tranquilidade aos usuarios da vía, que minimicen os problemas de seguridade viaria, melloren a accesibilidade ao corredor e resolvan as afeccións ambientais e patrimoniais. **E estas medidas non poden empezar a executarse dentro doutros tres anos.**

Nestas circunstancias, O BNG ante a necesidade de solucións urxentes para os grandes problemas nas infraestruturas viarias do Morrazo presenta ante o Pleno da Corporación os seguintes acordos:

**1.- Esixir á Xunta de Galiza a redacción inmediata dun Proxecto de Mellora da Accesibilidade e Seguridade Viaria no Corredor do Morrazo, que contemple as actuacións precisas para a redución da sinistralidade (apertura de terceiro carril nos tramos en que sexa factible e necesario; instalacións de sinalización vertical para a separación de carrís onde sexa tecnicamente aconsellable; identificación dos tramos susceptibles de perigo; mellora e iluminación dos accesos, etc.) e ao mesmo tempo mellore a conexión coa AP-9 e a distribución do tráfico no remate da vía na parroquia de Aldán.**

**2.- Esixir á Xunta de Galiza a reactivación inmediata dos proxectos de circunvalación dos Concellos de Cangas e Moaña; dos proxectos de seguridade viaria para a mellora das estradas de titularidade autonómica e a dotación dunha partida presupuestaria nos orzamentos do 2012 para a efectiva materialización destas obras.**

**3.- Instar á Xunta de Galiza á realización dun novo estudo de Impacto Medioambiental completo antes da execucións destas infraestruturas, ou de calquera outra que poida implicar afección sobre o medioambiente e o patrimonio.”**

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo afirma, respecto da moción do PSOE, primeiro, que comezan a moción con mentiras, “que a Consellería anunciou hai escasos días a paralización da construción do desdoblamento do Corredor do Morrazo”, cando o que fixo a Xunta foi dar información do acordo da Mesa de Contratación do concurso de construción. Segundo, seguimos sen ser coherentes cando di: “cando chegamos ao goberno, despois de poñer en servizo este Corredor do Morrazo”, lembrarlle ao Sr. Pastoriza que o fixo o Sr. Touriño foi darlle a man a Millán e cortar a cinta da inauguración. Terceiro, na moción se enumeran os pasos dados polo Goberno de Feijóo a modo de crítica, e eu me pregunto: ¿qué fixo o Bipartito en catro

anos na Xunta polo corredor?. Dígollo eu: coller unhas tesoiras, cortar a cinta, prometer o desdoblamento, en cantro anos perdidos. Cuarto, non se pode poñer en cuestión a vontade política cando dende o Goberno do PP da Xunta se estiveron dando pasos para acadar o desdoblamento. Quinto, se solicitan prazos, Lembrarlles que no prego de condicións se recollía que os licitadores expresarían os prazos de execución, establecéndose como prazo máximo corenta meses. Por tanto, non é conveniente fixan nin limitar un prazo concreto, pero si recomendar a máxima axilidade posible. Sexto, propoñer ao PSOE modificar a moción e nos acordos que digan: Revisar as condicións do concurso de licitación da concesión da obra pública para a construción da autovía do Morrazo, de xeito que se garanta a súa licitación, adxudicación e posta en servizo no prazo máis breve posible e tamén que se inclúa acordo dicindo que mentres non se leva a cabo a construción, se proceda a adoptar, con carácter urxente, todas as medidas precisas para acadar o máximo nivel de seguridade no trazado actual.

Respecto da moción do BNG. Dicir, primeiro, que nas primeiras liñas xa se demostra que estiveron sempre en contra da Vía Rápida: “ O BNG denunciou sempre que o Corredor non era solución,... obra mal deseñada, deficientemente executada...” Segundo, a culpa de todo, hoxe en día según vostedes, é do Presidente da Xunta, pero no ano 2005 a Xunta estaba gobernada polo Bipartito e, sen embargo, a culpa seguía sendo do Conselleiro Feijóo e do Director Xeral, Agustín Hernández. ¿Por qué será?. Terceiro, na moción tamén se di: “Levamos case tres anos de enganos na promesa dun desdoblamento en autovía”. Unha mentira máis. Levamos con enganos dende o día no que o Sr. Touriño lle deu a man ao Sr. Millán e xuntos cortaron o lazo do Corredor e a pe de estrada, o Sr. Touriño prometeu o desdoblamento do Corredor. Cuarto, o BNG fai na súa moción unha lista de reclamacións, alegacións e denuncias. ¿Algunha destas denuncias e críticas foron en tempos do Bipartito da Xunta?. Non. ¿Por qué?. Porque a Xunta do Bipartito non moveu nin un dedo polo Corredor. Quinto, tamén se critica na moción a decisión da Xunta de non realizar novos estudos de avaliación do impacto ambiental. Documentense, por favor. O 12 de xullo de 2001 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental e no apartado 10.5 di: “Calquera cambio no proxecto obxecto desta declaración deberá ser comunicado previamente a esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, quen o avaliará e informará se procede ou non a modificación da declaración ou a iniciación dun novo trámite de avaliación ambiental”. Conclusión, resumindo a súa moción, o que piden e retrasar as obras, amosando unha vez máis, que están en contra da Vía Rápida, en contra do desdoblamento, e tapan cunha manta de fume a súa intención de retrasar as obras ou non levalas a cabo pedindo estudos e proxectos que retrasarían todos os pasos dados.

A Sra. Freire afirma que como resposta solo cabe dicir que menos mal que existe o PP. Da a impresión que se non é por vostedes teríamos que camiñar por camiños de pedras. Vós fostes partícipes do incumprimento. Esta moción vaise presentar tamén en Cangas, espero que alí tamén a apoién.

O Sr. Millán di que por alusións, somos tamén honorables, o Sr. Touriño e o Sr. Millán porque no 2005 eramos o Presidente da Xunta e o Alcalde de Moaña. Tamén lle di a man ao Presidente da Xunta que era outro cando veu inaugurar a piscina municipal ou no 2003, na inauguración da Casa do Concello. Trivializan todo. Así tamén serán tratados. Se teño ocasión dareille a man a Feijóo como antes, como Alcalde, dinlla a

outros Presidentes. Había distintas opinións sobre a Vía Rápida. O BNG nunca reclamou paternidade ningunha sobre ela. Tampouco poderán dicir que nos opuxemos. Opuxémonos á proposta de José Cuiña por unha obra que destruzaba o concello. Unha obra que ten autores, técnicos e padriños. Non o BNG, no 2001 presentamos centos de alegacións. Dixemos que era unha animalada e dicímolo agora. O Sr. Feijóo dicía que non se podía facer de outra maneira. Non é obrigatorio dinamitar o Caiero, trasladar as augas das vaguadas. E fixérono. Destrozaron patrimonio. Dixemos que a Vía RaPida non se podía tomar como única medida no tema da mobilidade do Morrazo. E foi a única. Foron vostedes os que no 2009 dixeron que a obra no Morrazo foi unha chapuza, cando anunciaron que facía falta desdobrar o Corredor. O BNG pedía modificacións no proxecto. No 2011 se demostra que a proposta de desdoblamento foi tamén unha chapuza ¿Solución?. Fagan a autovía, ou melloren a seguridade, poñan barreiras de separación, o dano medioambiental xa está feito. Agustín Hernández, pola mañá, deunos a razón en máis da metade da moción.

O Sr. Piñeiro, Concelleiro do BNG pide o uso da palabra.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Piñeiro renunciou ao seu uso da palabra. A moción xa a defendeu o Sr. Millán. Non pides intervir se non sabes defendela.

O Sr. Alcalde sinala que se someten a votación as dúas mocións como se falou.

Sometida a votación a moción do PSG-PSOE respecto da paralización da construción do desdoblamento do Corredor do Morrazo, queda aprobada por unanimidade dos asistentes, cos seguintes acordos:

- O Concello de Moaña insta á Xunta de Galicia a revisar as condicións do concurso de licitación da concesión de obra públicaa para a construción da Autovía de O Morrazo, de xeito que se garanta o seguinte:

- a) Que a licitación da obra se realice nos vindeiros tres meses.
- b) Que no prazo máximo de 3 meses a partir da licitación se adxudique a obra.
- c) Que en xullo do ano 2014 a obra se poida poñer en servizo.

Sometida a votación a moción do BNG sobre a necesidade urxente de mellora nas infraestruturas viarias do Morrazo, queda aprobada por unanimidade dos asistentes, cos seguintes acordos:

1.- Esixir á Xunta de Galiza a redacción inmediata dun Proxecto de Mellora da Accesibilidade e Seguridade Viaria no Corredor do Morrazo, que contemple as actuacións precisas para a redución da sinistralidade (apertura de terceiro carril nos tramos en que sexa factible e necesario; instalacións de sinalización vertical para a separación de carrís onde sexa tecnicamente aconsellable; identificación dos tramos susceptibles de perigo; mellora e iluminación dos accesos, etc.) e ao mesmo tempo mellore a conexión coa AP-9 e a distribución do tráfico no remate da vía na parroquia de Aldán.

2.- Esixir á Xunta de Galiza a reactivación inmediata dos proxectos de circunvalación dos Concellos de Cangas e Moaña; dos proxectos de seguridade viaria para a mellora das estradas de titularidade autonómica e a dotación dunha partida presupuestaria nos orzamentos do 2012 para a efectiva materialización destas obras.



3.- Instar á Xunta de Galiza á realización dun novo estudo de Impacto Medioambiental completo antes da execucións destas infraestruturas, ou de calquera outra que poida implicar afección sobre o medioambiente e o patrimonio.

### **9º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AAVV A CHAMUSCA SOBRE REMISIÓN DE ESCRITO Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS SOBRE ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA NO MORRAZO.**

Un representante da Asociación de Veciños do Cristo, procede a dar lectura á moción da Federación:

“Dna. **CONSUELO NOGUEIRA RÍOS**, con DNI.78.730.496 R, como Presidenta da Federación de AAVV veciños A CHAMUSCA, propón á Corporación Municipal de Moaña a seguinte moción para incluír no vindeiro Pleno Municipal.

Con data d 6 de decembro a Federación remitiu ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o escrito cuxo texto reproducimos a continuación:

“SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
COMPOSTELA

Moaña, 6 decembro 2011.

A Federación de AAVV A CHAMUSCA DE MOAÑA, ven de manifestar en reiteradas ocasións a preocupación dos veciños/as pola súa seguridade nas estradas autonómicas PO-313 e 551, nos seus tramos no Concello de Moaña. Os lamentábeis accidentes de tráfico no Corredor repercutiron cun notable aumento de circulación e do risco, o que nos levou a presentar propostas nos orzamentos para este ano (PLANO INTEGRAL DE SEGURIDADE VIAL NOS TRAMOS DAS PO-313 E PO-551, nos seus tramos por Moaña, que contemplaban iluminación, beirarrúas ou sendas peonís, semáforos e rotondas que garantan o libre desprazamento dos peóns sen por en perigo as súa integridade física) e que foron rexeitados pola maioría no Parlamento.

Os últimos datos da Consellería confirman un transvase no Corredor a PO-551 dunha emdia de 400 vehículos día, téndose producido no que vai de ano 2011 máis de medio cento de accidentes de tráfico nas estradas autonómicas (313-551, tramo de Moaña) con danos materiais, corporais e, incluso, morte e só coñecemos unha única actuación: na Marrúa, km. 14,000 da estrada 313, acceso cuxa seguridade segue bastante cuestionada, sen que a necesaria circunvalación de Moaña apareza como un proxecto prioritario para a Xunta.

A unha pregunta sobre esta cuestión, o seu departamento no pasado mes de marzo, informou en sé parlamentar da “previsión de actuar a través de dous proxectos de seguridade viaria coordinados coa concesionaria da futura autoestrada do Morrazo, que asumiu a conservación das estradas da comarca”.

Os últimos accidentes mortais no corredor, viñeron a poñer de manifesto o retraso conseiderábel na adxudicación das obras de ampliación do mesmo que se adían xa no horizonte do 2012, **polo que entendemos que a seguridade viaria nas estradas autonómicas xa non poden esperar máis, polo que solicitamos se nos informe sobre os proxectos anunciados, en qué prazos e con qué orzamento van a ser executados.**

En relación coa estrada 313, os veciños de Broullón, Sabaceda e Quintela, padecen e veñen denunciando problemas de exceso de velocidade, falla de beirarrúas, pasos peóns, iluminación e sinalización de todo tipo dende hai anos e avalados por informes da Policía Local. O incremento de circulación e o tráfico pesado é notorio coas seguintes dificultades do acceso a esta vía dende as distintas parroquias, polo que se valoran positivamente as obras na Marrúa para facilitar a incorporación dende a Paradela e o Redondo pero sorprende que se ignoren os restantes puntos negros, ben coñecidos, declarando que “non existe ningún punto conflictivo”.

**En consecuencia, solicitamos desa Consellería unha inspección extraordinaria para determinar as necesidades reais desta vía para acometer un plano de seguridade integral e se teña en conta a opinión e experiencia dos usuarios.**

Asdo. Consuelo Nogueira  
Presidenta

A decisión da Xunta de Galiza de suspender a adxudicación da ampliación do Corredor *sine die*, comunicada aos medios de comunicación esta mesma semana, fai que o escrito anterior adquira o carácter de esixencia mínima que debe ser asumida por todos os grupos políticos.

En consideración de todo o exposto, se solicita da Corporación Municipal de Moaña adopte o seguinte acordo:

**ACORDO.-** Asumir como propio o texto do escrito enviado pola Federación de AAVV A CHAMUSCA DE MOAÑA ao Conselleiro de Infraestructuras, reproducindo integramente na exposición de motivos desta moción, remitilo á Xunta de Galicia e instar a contestación das cuestións nel expostas, en concreto:

**A).- ESTRADA 551.- Polo que entendemos que a seguridade viaria nas estradas autonómicas xa non poden esperar máis, polo que solicitamos se nos informe sobre os proxectos anunciados, en qué prazos e con que orzamentos van ser executados.**

**B).- Estrada 313.- En consecuencia solicitamos desa Consellería unha inspección extraordinaria para determinar as necesidades reais desta vía para acometer un plano de seguridade integral e se teña en conta a opinión e experiencia dos usuarios.**

En Moaña, a 16 de decembro de 2011.

Asdo. Consuelo Nogueira Ríos.”

A continuación, procede a ler a documentación que como anexo acompaña á moción, alegacións da AVV O Cristo con respecto ao tramo da PO-313 comprendido entre Sanchilán e a baixada da Marrúa:

**“Alegacións da AA.VV. O Cristo con respecto ao tramo da PO-313 comprendido entre Sanchilán e a baixada á Marrúa.**

- Que se remate a beirarrúa dende o local da AAVV. O Cristo ata a rambla de Pereiras.
- Un paso de peóns na parada do autobús a altura do transformador de U. Fenosa (Sabaceda)
- Eliminación da liña descontinua no sentido de baixada, e polo tanto sinais que prohiban o adiantamento.
- Pintado da marquesiña, das parada de autobuses, e incorporación dunha marquesiña, no sentido de Marín.

- Instalación de semáforos antes e despois da curva en onde están os cruces para os Piñeiros e o Redondo (Bar Yoni). Os semaforos de ditos cruces, poderían ser activados polo sistema de presenza de vehículos.
- Reposición do sistema de recollida de augas, na incorporación dos Piñeiros a PO-3132, xa que se enche de grava e terra cando chove, afectando gravemente a seguridade da vía. Sistema que xa existía, e o taparon cando se asfaltou a estrada.
- Na baixada cara O Redondo, era ven que pintasen una liña continua, para delimitar os carrís, xa que os que soben, e van dirección a Broullón, sempre invaden o carril contrario.
- As beirarrúa dende Sabaceda ata Sanchilan, están totalmente tapadas pola terra que cae dos valaos, e cheas de maleza.
- Despois de finalizadas as obras, que houbo na PO-313, no tramo onde finaliza Sabaceda e comeza a Marrúa, quedaron pendentes varias deficiencias:
  - Existía un espello na saída da Marrúa, para facilitar a visibilidade, o cal non repuxeron.
  - O contenedor do lixo movérono 100 metros máis abaixo, e o rematar as obras, non o devolveron a súa posición orixinal. Este punto xa se expuso no concello, e din que é cousa do encargado de obras. Se lle pediu a empresa do lixo que o puxera na posición anterior, e din que eles non son quen de definir a ubicación dos mesmos, nin teñen porque move-los.
  - O sistema de recollida das augas, é outro tema que quedou pendente nestas obras, xa que parte do valado de terra que hai pola parte de abaixo, derrubouse, quedando algúns pilares do quitamedos totalmente no aire, e afectando polo tanto a seguridade desta vía.

Decembro 2011”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, afirma que o seu Grupo vai apoiar a moción. A reclamación presentada leva moitos anos plantexándose por parte das asociacións de veciños afectadas. Cabe lembrar que no 2009 redactouse e orzamentouse un proxecto para a mellora da seguridade na PO 313 e 551. Chegou o Goberno do PP e anulou na súa totalidade o Plan de Seguridade Viaria na 313 e reduciu o Plan de Seguridade Viaria da PO 551 e algúns tramos no Concello de Cangas. Poderíase ter feito unha beirarrúa ata Broullón incluso beirarrúas nos dous sentidos. A seguridade tería aumentado de modo moi considerable. Espero que se retome. Que así sexa. Do que se leva aprazado seiscentos cincuenta e cinco millóns de euros que investir nas estradas de Moaña.

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, afirma que o seu Grupo sibscribe totalmente a moción presentada.

O representante da Asociación de Veciños di que a seguridade na saída da Marrúa é cuestionable. Din que foi unha actuación ben valorada non o entendo. As cousas para falalas hai que vivilas.

O Sr. Alcalde afirma que todo é mellorable. Inténtase mellorar a seguridade. Estamos nesa teima. Moaña precisa de moitas beirarrúas. Algún tramo levamos feito. Dígolles que estamos de acordo ca moción. O que pretendemos é a mellora das estradas. A nós non nos custa levantar a man en defensa dos veciños ou darlle a man aos veciños se fai falta, governe quen governe. Queremos que se mellore todo. Logo das falcaturadas que escoitei. Estamos de acordo cas melloras esixidas. Non me doe a man na defensa dos veciños.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde votación a moción da Federación da AAVV A Chamusca sobre remisión de escrito á Consellería de Infraestructuras sobre estradas de titularidade autonómica no Morrazo o, e queda aprobada por unanimidade dos asistentes, co seguinte acordo:

- Asumir como propio o texto do escrito enviado pola Federación de AAVV A CHAMUSCA DE MOAÑA ao Conselleiro de Infraestructuras, reproducindo integramente na exposición de motivos desta moción, remitilo á Xunta de Galicia e instar a contestación das cuestións nel expostas, en concreto:

A).- ESTRADA 551.- Polo que entendemos que a seguridade viaria nas estradas autonómicas xa non poden esperar máis, polo que solicitamos se nos informe sobre os proxectos anunciados, en qué prazos e con que orzamentos van aser executados.

B).- Estrada 313.- En consecuencia solicitamos desa Consellería unha inspección extraordinaria para determinar as necesidades reais desta vía para acometer un plano de seguridade integral e se teña en conta a opinión e experiencia dos usuarios.

### **10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE REPROBACIÓN CONTRA O CONCELEIRO E VOCEIRO DO BNG, D. XOSÉ MANUEL MILLÁN OTERO.**

O Sr. Millán pide unha cuestión de orde. Nós non estamos invitados a esta festa. Non nos interesa. (Os Concelleiros do BNG se retiran do salón de Plenos).

A Sra. Varela lee a moción:

### **MOCIÓN DE REPROBACIÓN CONTRA O CONCELEIRO E VOCEIRO DO B.N.G. DON XOSÉ MANUEL MILLÁN OTERO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Dende fai varios anos, os veciños e os grupos políticos, veñen a soportar a actitude hostil e incluso ameazadora por parte de Millán nos plenos municipais, incluso cando por aquel entón exercía o cargo de Alcalde de Moaña.

Cabe recordar que os desprecios a membros da Corporación foron constantes e dende case o primer día, aludindo como exemplo aquel Setembro do 2007, a escasos meses de comenzo da lexislatura cando decidiu collerse unhas vacacións e impedir a entrada a alcaldía a un membro da corporación que exercía de Tenente Alcalde e polo tanto e motivado a súa ausencia, tiña a obriga e o dereito de exercer como Alcalde en funcións.

Actuación que calificamos de perversa e premeditada, xa que non só levou consigo as chaves da súa propiedade senon que, tal como recolle a prensa, requisou a copia que existe normalmente na Policía Municipal e a copia que ten na súa posesión o servizo de limpeza do Concello e entregou ambas dúas copias a un funcionario que exercía de secretario persoal del dando a orden de impedir o paso á Alcaldía, aínda que é certo que este problema solventouse e non se volveu a repetir xa que Millán non volveu a coller nin un so día de vacacións.

Utilizou dende comenzos da pasada lexislatura os servicios da Policía municipal como escudo persoal e como medida de presión de cara a os veciños, instalando a presenza deste corpo de seguridade nos plenos, dando indicios de que os veciños asistentes eran veciños delincuentes, provocadores e perigosos e que polo tanto o Alcalde debía ter protección policial durante as sesións, sen esquecermos que ordenaba pechar as portas do Concello nas sesións plenarias deixando entrar tan so a aqueles que el daba o paso.

Ademais de actuar incumplindo Regulamentos, como por exemplo levantar sesión plenarias sen dar a palabra a veciños que a tiñan legalmente solicitada en tempo e forma, e ademais de incumplir acordos plenarios, como por exemplo cando un grupo da oposición pediu en pleno que se lle entregasen as chaves do campo de fútbol a directiva e aínda sendo apoiada a proposta por tres grupos políticos, non levou a cabo este acordo, ademais de isto en cada sesión plenaria tanto os veciños como os membros da corporación tivemos que aguantar numerosos insultos e humillacións que son recollidos nas actas plenarias e que deron lugar a que o grupo do PP non aprobase as actas plenarias cando exercía dende a oposición.

A partir de Xuño do presente ano 2011, o señor Millán xunto co Bloque pasaron a sentarse no grupo da oposición e no seu discurso no pleno do pasado 30 de Xuño, primer pleno da presente lexislatura, o señor Millán Otero tal e como recolle a acta, o voceiro do BNG dixo (acta número 10)

***“ Vou tratalo de Alcalde. Comprométome en que as nosas críticas non suporán descalificacions, insultos personais, nin calumnias, nin papeis nos muros de Moaña insultando”.***

Pero sen rematar a sesión plenaria, tratando o asunto da orde do día do soldo do alcalde, chámalle ao señor Fervenza, Alcalde de Moaña, de forma implícita ladrón ao dicir que: ***“ si so cobra 700 euros ao mes terá que roubar”***, deixando caer tamén algún que outro insulto como ***“tozudo”*** e continuando con descalificativos a os membros do goberno denominándoos ***“gobierno barato”***.

Ao mes seguinte, no pleno de Xullo fechado o día 28 (acta número 11) o señor Millán dirixese a señora tenente Alcalde e Concelleira de Urbanismo como ***Señorita Rottermeier***, con afán descalificativo, ofensivo e machista.

No seguinte pleno celebrado o 27 de Outubro do presente ano, dirixese ao Concelleiro Angel Gonzalez con estas palabras exactas, que aínda que non as recolle a acta ao pe da letra, existen outros medios como son os videos para corrobóralo:

***“Tan soberbio e tan chulo está, tan soberbio e tan chulo está, tan cheo de razón por chegar a ser Concelleiro que lle dis a un Concelleiro da súa propia corporación que foi alcalde oito anos e leva doce anos de Concelleiro traballando ben ou mal por Moaña que o que ten que facer é irse deste pleno e irse para Beluso”***

***“Usted é un racista é un xenófogo”***

***“Sinvergüenza, que lle teña que aguantar a usted dicir que me teño que ir de Moaña é dun auténtico sirvergüenza”***

### ***“Racista”***

No mesmo pleno, no último punto da orden do día cando un veciño tiña pedida a palabra en tempo e forma, e que ademais de veciño é presidente dunha asociación de Veciños, o señor Millán dille:

***“ Antonio, eres un caradura, pensa que por gobernar usted (referíndose ao Alcalde), pode vir aquí e cagar por riba dos demais”***

***“ ¿pero ti estás ben da cabeza? Todo o pueblo sabe que estás mal da cabeza pero non temos por que aturarte aquí, aturamoste por que este señor (referíndose ao Alcalde) non sabe ser Alcalde.”***

***“Ponte en folga de fame... ponte en folga de fame a Moaña”***

***“Eres un pesado, cada vez que abres a boca cagas”***

***“Digocho agora que non goberno e podó decircho, Antonio, a diferencia entre a tua boca e o teu cu é cero, cada vez que falas cagas, cada vez que falas cagas”***

***“E non me refiro a tua estatura, pero digoche que a tua boca é un cu.”***

Cando o señor Alcalde reclama ao señor Millán respecto aos veciños o señor Millán contesta:

***“Antonio ¿pero Antonio é un veciño?”***

***“Non, Antonio é o teu amigo que é distinto.... Anda Antonio que che poñan unha estatua.”***

O mesmo pasa nas sesión das comisións informativas donde varios veciños puideron escoitar como lle decía a un presidente de unha asociación de veciños

***“ Hai que ir morrendo Manolo”***

Despois de que o grupo do BNG presentase no último pleno, celebrado o día 1 de Decembro, unha moción de reprobación contra un Concelleiro, o grupo do BNG presidido polo señor Millán volve unha vez máis a faltar a os respecto a os veciños tentando impedir exercer a democracia dun Concello e exixindo ao Alcalde que levantase a sesión negando a palabra a os veciños que a tiñan solicitada en tempo e forma, e ante a negativa do Alcalde a esta esixencia e comprobando que a decisión do Alcalde foi a de escoitar a os veciños, o grupo do BNG levantouse dos seus asientos demostrando a falta de respecto que teñen polos veciños que de Moaña.

Por tales motivos, o grupo municipal do Partido Popular do Concello de Moaña, somete á consideración do pleno a moción de reprobación do Concelleiro Don Xosé Manuel Millán Otero pedindo a aprobación da mesma.”

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, sinala que o seu Grupo non vai entrar no xogo que se traen PP e BNG e ás faltas continuas que se deron nos dous últimos plenos. Estades a levar unha estratexia demagóxica. As citas que figuran na moción son certas pero se dixeron nun contexto determinado. No seu caso, o Alcalde tería que ter chamado á orde ao Sr. Millán. No consta nas actas. Temos que facer un pouco de reflexión. O que temos que facer é buscar solucións para os veciños. Sinto vergoña. Isto parece un circo.

Deberíamos actuar en conciencia. Temos que dar exemplo e pedir respecto. É outra pataleta entre os dous Grupos.

O Sr. González, Concelleiro do PP, afirma que a Sr. Freire terá a súa opinión. Que vostede faga oposición paréceme o máis lóxico pero vostede, levando aquí seis meses, seguro que a Millán o coñeces máis que a min, seguro que o teu compañeiro de Grupo falouche máis del. O teu compañeiro confirmou que non mandei a Millán para Beluso e aínda así, apoiou a reprobación. O que acontece é que a min me reprobán por algo que non dixen e ti apoiás a Millán logo do que dixó. O que queda claro é que Millán vai quedar reprobado. Estaremos empatados, pero eu son de Moaña e el non.

A Sra. Freire responde que logo da última frase do Sr. González ratifícase na reprobación ao Sr. González. Nas comisións informativas xa deixas no aire a afirmación de que se vaia. Houbo xente que mo confirmou. É a postura do PSOE de Moaña.

O Sr. González responde que non dixó ningunha mentira.

Sometida a votación a moción do Grupo Municipal do Partido Popular de reprobación contra o Concelleiro e Voceiro do BNG, D. Xosé Manuel Millán Otero, queda aprobada por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e un voto en contra, da Concelleira do PSG-PSOE.

#### **11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se suscitan intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as cero horas e cinco minutos do 30 de decembro.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**